# DEPARTAMENTO DE ECONOMÍA

## PROGRAMACIÓNS 2016-2017

MARGARITA LOBATO GARCÍA
Xefa de Departamento

## 1. Presentación

**COMPOÑENTES E MATERIAS**

LUÍS CORES GONZÁLEZ______________ECONOMÍA DA EMPRESA (2º Bac.)

PILAR GARCÍA SERVIA _______________FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL (Ciclo)

MARGARITA LOBATO GARCÍA _________ADMINISTRACIÓN DA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA (Ciclo)

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ____________ECONOMÍA (4º ESO)

RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ ____________INICIACIÓN Á ACTIVIDADE EMPRENDEDORA E EMPRESARIAL (4º ESO)

## 2. Contextualización

A actividade do Departamento de Economía encádrase no PEC do IES Porto do Son, cun total de 400 alumnos e alumnas, procedentes na súa maioría do concello de Porto do Son (A Coruña), e dos que 75 cursan materias do departamento.

## 3. Obxectivos xerais.

A ensinanza da economía terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

. Identificar o ciclo da actividade económica. Distinguir sistemas económicos e formar un xuízo persoal acerca das vantaxes e inconvenientes da cada un deles.

. Manifestar interese por coñecer e interpretar con sentido crítico e solidario os grandes problemas económicos actuais, en especial as desigualdades económicas e a sobreexplotación de recursos naturais, así como os derivados da globalización da actividade económica.

. Relacionar feitos económicos significativos co contexto social, político, histórico e cultural en que tiveron lugar. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás. Formular xuízos persoais acerca da conveniencia ou non da intervención da Administración Pública na economía e os seus efectos.

. Comprender o funcionamento do sistema de economía de mercado, sinalando as súas vantaxes e inconvenientes, así como as interrelacións entre o sistema económico e os fenómenos sociais.

. Utilizar técnicas elementais de tratamento e representación de datos sobre a economía galega, española, europea e doutras zonas do mundo para coñecer e comprender os trazos característicos da situación económica deses territorios e as perspectivas de futuro.

. Formular xuízos persoais acerca de problemas económicos de actualidade. Comunicar opinións argumentando con precisión e rigor a partir de conceptos e principios económicos elementais.

. Interpretar as mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación e/ou internet sobre desaxustes económicos actuais e contrastar as medidas correctoras de política económica que se propoñen.

. Analizar e interpretar críticamente as repercusións do crecemento económico sobre o medio natural e a calidade de vida das persoas, así como o diferente grao de desenvolvemento das distintas rexións e países. Reflexionar sobre a necesidade de acadar un desenvolvemento sustentable.

. Abordar de maneira autónoma e razoada problemas económicos do contorno, utilizando os procedementos de indagación das ciencias sociais e diversas fontes e medios de información, en especial as tecnoloxías da información e comunicación. Trasladar esta reflexión ás situacións cotiás do contorno.

. Coñecer e comprender, dunha maneira crítica, o uso e significado das principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.

# Economía, 4º de ESO, curso 2016/17

Introdución

A formación básica en economía é necesaria no mundo globalizado actual no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas. A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a compresión da realidade social. Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos.

O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións, con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.

A economía distínguese das restantes ciencias sociais polo enfoque que emprega para analizar e resolver os problemas sociais. A materia de 4º de ESO introduce ao alumnado nestas cuestións a trevés de seis bloques de contidos que permiten o estudo da economía como ciencia e do papel dos axentes económicos. O primeiro bloque (Ideas económicas básicas) presenta os aspectos relativos aos principios económicos, á terminoloxía propia e á metodoloxía da ciencia económica. O segundo bloque (Economía e empresa) analiza o papel e o funcionamento das empresas como axente fundamental na economía. O terceiro bloque (Economía persoal) céntrase no estudo da trascendencia das decisión económicas na vida das persoas e das súas familias. O cuarto bloque (Economía e ingresos e gastos do Estado) repasa o papel estatal no funcionamento económico a través da análise dos seus ingresos

e gastos. O quinto bloque (Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego) presenta os aspectos máis salientables da economía financeira e a súa repercusión na actividade económica e o nivel de emprego. E, finalmente, o sexto bloque (Economía internacional) fai un breve repaso do funcionamento do sector exterior da economía con especial fincapé nas repercusións da integración económica e a globalización.

## 4. Criterios de avaliación relacionados cos respectivos estándares de aprendizaxe e competencias clave e concreción do grado mínimo de consecución

Os criterios de avaliación serán o referente especifico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen o que se quere valorar e que o alumnado debe lograr como resultado das experiencias educativas planificadas para a materia. Especifícanse nos **estándares de aprendizaxe avaliables** que concretan o que debe saber, comprender e saber facer o estudantado en cada materia.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | Grado mínimo de consecución |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. **Ideas económicas básicas** | | | |
| B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas. | ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | CCL<br>CSC | Resolve aceptablemente exercicios sobre a racionalidade das decisións persoais e as consecuencias económicas das mesmas |
| | ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | CAA<br>CD | Identifica as eivas e as vantaxes das decisións económicas en exemplos concretos |
| B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles. | ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | CCL | Elabora narrativas sintéticas usando correctamente os termos básicos en economía. |
| | ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | CAA<br>CSC | Distingue correctamente proposicións de economía positiva e economía normativa |
| | ECB1.2.3. Representa e analiza gráficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | CD<br>CMCCT | Realiza representacións gráficas do custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades. | ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | CMCCT<br>CSC | Elabora mapas conceptuais representando as relacións de intercambio (produtos e factores) entre familias e empresas. |
| | ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno | CMCCT<br>CSC | Elabora narrativas sintéticas explicando correctamente aspectos económicos da contorna |
| Bloque 2. Economía e empresa | | | |
| B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato. | ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | CMCCT<br>CSIEE | Elabora mapas conceptuais relacionando os diversos tipos de empresa co seu tamaño, esixencias de capital e responsabilidades legais. |
| | ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | CAA<br>CD | Aplica correctamente a clasificación das empresas á escolla da forma xurídica máis axeitada para supostos concretos. |
| | ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | CSIEE<br>CSC | Elabora unha microanálise da estrutura económica e empresarial na súa contorna, con exemplos dos empresas de diferente tamaño e forma xurídica nos tres sectores produtivos |
| B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo. | ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | CMCCT<br>CSC | Resolve correctamente exercicios explicando a relación entre eficiencia (do traballo e da tecnoloxía) e produtividade |
| | ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | CD<br>CSC | Identifica os sectores económicos en representacións gráficas de conxuntura, explicando os desafíos desas situacións |
| B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas. | ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | CCL<br>CD<br>CMCCT | Resolve correctamente supostos sobre as modalidades de financiamento das empresas e as consecuencias de cada unha para as mesmas |
| B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio. | ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | CD<br>CMCCT | Demostra que distingue ingresos, custos e beneficio (ou perda) resolvendo correctamente exercicios propostos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B2.5. Diferenciar os impostos que afectan ás empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais. | ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | CD<br>CMCCT | Interpreta series de datos ou representacións gráficas sobre as obrigas fiscais das empresas, demostrando que coñece a estrutura básica do sistema tributario que lles afecta |
| | ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas. | CSC | Elabora narrativas sintéticas explicando os aspectos positivos e negativos dos gravames tributarios ás empresas. |
| Bloque 3. **Economía persoal** | | | |
| B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación. | ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | CAA<br>CD<br>CMCCT | Deseña un plan financeiro persoal, distinguindo ingresos e gastos e fai propostas de mellora á vista dos resultados |
| | ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | CAA<br>CD<br>CMCCT | Manexa correctamente as TIC para elaborar un orzamento personalizado e facer un seguimento contable mensual |
| | ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | CAA<br>CD<br>CMCCT | Elabora representacións gráficas comparando as previsións de gastos e ingresos coa realidade partindo de datos reais ou supostos |
| B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social. | ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | CAA<br>CSIEE | Argumenta verbalmente ou por escrito a necesidade de planificación racional dos asuntos financeiros considerando a conxuntura macroeconómica e a situación microeconómica |
| B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos. | ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | CAA<br>CSC | Explica correctamente a importancia do aforro e do control dos gastos para evitar o déficit orzamentario e o endebedamento crónicos que hipotecan o futuro |
| | ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | CAA<br>CSC | Explica o recurso ao endebedamento para financiar investimentos estratéxicos e escala familiar, empresarial e pública |
| | ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | CCL<br>CMCCT | Analiza series de datos ou representacións gráficas demostrando que comprente a terminoloxía e o funcionamento básicos da operativa bancaria |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade. | ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | CCL<br>CAA<br>CD | Interpreta correctamente as cláusulas dos contratos bancarios e que coñece os dereitos e as obrigas derivadas delas<br>Opera con seguridade usando procedementos telemáticos en supostos. |
| | ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | CAA<br>CD | Realiza un mapa conceptual recollendo os procedementos de reclamación ante as entidades financeiras |
| | ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | CCL<br>CD<br>CMCCT | Identifica as modalidades de tarxetas bancarias partindo de imaxes<br>Demostra que sabe operar con seguridade coas tarxetas bancarias |
| B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade. | ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | CAA<br>CCL<br>CMCCT | Realiza mapas conceptuais describindo as características dos diversos tipos de seguros e escolle os máis axeitados para supostos concretos |
| Bloque 4: **Economía e ingresos e gastos do Estado** | | | |
| B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución. | ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | CMCCT<br>CSC | Identifica as fontes de financiamento e de gasto público en representacións gráficas dos Orzamentos Xerais do Estado |
| | ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | CD<br>CMCCT | Explica a composición dos ingresos e do gasto públicos partindo de series de datos e de representacións gráficas |
| | ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | CMCCT<br>CSC | Describe a evolución dos ingresos e dos gastos públicos adaptándose ás conxunturas económicas partindo de gráficas e series de datos |
| | ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | CCL<br>CSC | Elabora unha narrativa sintética explicando a estrutura dos orzamentos públicos e necesidade desta planificación |
| B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público. | ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | CCL<br>CMCCT | Analiza series de datos sobre a evolución do déficit e da débeda públicos explicando a relación entre eles e as consecuencias |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda. | ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Describe o funcionamento dos instrumentos redistribuidores da renda para compensar as desigualdades do mercado |
| | ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | CAA<br>CD<br>CMCCT | Explica a distribución da renda que reflicten as representacións gráficas salientando as consecuencias económicas e sociais |
| Bloque 5: **Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego** | | | |
| B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes. | ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | CCL<br>CSC | Describe en narrativas sintéticas as causas e as consecuencias da inflacción |
| | ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Analiza gráficas sobre os tipos de interese, explicando as consecuencias económicas da súa variación |
| | ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | CD<br>CMCCT | Describe a situación da inflacción e do desemprego que reflicten representacións gráficas e series de datos |
| B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego. | ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | CCL<br>CMCCT<br>CSC | Elabora narrativas sintéticas explicando a multicausalidade do desemprego e as súas consecuencias económicas e sociais |
| | ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | CD<br>CSC | Analiza correctamente series de datos sobre a evolución do desemprego |
| | ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | CAA<br>CD | Procura información na Rede sobre sectores con demanda laboral e factores de empregabilidade na sociedade actual |
| Bloque 6: **Economía internacional** | | | |
| B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente. | ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | CAA<br>CSC | Elabora narrativas sintéticas explicando as claves da globalización económica e as súas consecuencias positivas e negativas |
| | ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | CCL<br>CSC | Analiza correctamente series de datos, representacións gráficas e secuencias de películas sobre a evolución do comercio internacional de produtos e factores dende a década de 1990 ata a actualidade |
| | ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | CAA<br>CD<br>CSC | |
| | ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | CCL<br>CD<br>CSC | Describe as consecuencias positivas e negativas da integración económica e monetaria partindo de datos e gráficas |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | CAA<br>CSC | Describe as características dun desenvolvento sustentable a nivel económico, social e ambiental fronte ás desfeitas da globalización neoliberal |

## 5. Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contidos coa temporalización.

O currículo da materia *Economía* en 4º curso de ESO establece unha serie de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables que recollemos polo miúdo na seguinte programación didáctica. Entendemos por **currículo** a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe. Os **obxetivos** son os referentes relativos aos logros que o estudiante debe acadar ao finalizar a etapa, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas. Os **contidos** son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribuen ao logro dos obxetivos da etapa educativa e permiten acadar as competencias establecidas para a ESO. Ordénanse en materias ou ámbitos, en función da propia etapa educativa ou dos programas nos que participe o alumnado. Os contidos establecidos para a materia de Economía no nivel de 4º ESO son os seguintes.

| Bloque | Obxec-tivos | Contido | Actividades |
|---|---|---|---|
| Bloque 1: Ideas económicas básicas | A<br>d<br>f | B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.<br>B1.2. Principios na toma de decisións económicas.<br>B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade. | - Descrición do obxecto de estudo da ciencia económica e das áreas que a compoñen usando correctamente os termos básicos.<br>- Exercicios sobre a racionalidade das decisións tomadas polos axentes económicos e as consecuencias económicas no que atinxe á asignación eficiente de recursos e ao custo de oportunidade. |
| | f<br>h<br>o | B1.4. O método na economía: modelos económicos.<br>B1.5. Fronteira de posibilidades de produción. | - Resentacións gráficas do custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción |
| | A<br>f | B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación. | Representación gráfica das relacións de intercambio (produtos e factores) entre familias, empresas e sector público |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Bloque 2: Economía e empresa | a<br>b<br>e<br>m | B2.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>B2.3. Clases de empresas.<br>B2.4. Formas xurídicas da empresa. | - Elaboración de mapas conceptuais relacionando os diversos tipos de empresa co seu tamaño, esixencias de capital e responsabilidades legais.<br>- Clasificación das empresas por tamaño e formas xurídicas partindo de datos reais ou supostos.<br>- Pescuda sobre a estrutura económica e empresarial da contorna, recollendo exemplos dos empresas de diferente tamaño e forma xurídica nos tres sectores produtivos |
| | a<br>f<br>e | B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.<br>B2.6. Sectores da actividade económica. | - Exercicios explicando a relación entre eficiencia (do traballo e da tecnoloxía) e produtividade.<br>- Identificación dos sectores económicos en representacións gráficas de conxuntura, fotos e secuencias documentais |
| | E<br>f | B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento. | Resolución correcta de supostos sobre as modalidades de financiamento das empresas e as consecuencias derivadas |
| | E<br>f | B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.<br>B2.9. Resultados da empresa. | Exercicios de distinción e cálculo de ingresos, custos e beneficio (ou perda) derivados da actividade empresarial |
| | a<br>e<br>f | B2.10. Obrigas fiscais das empresas | Identificar os impostos que gravan ás empresas en series de datos ou representacións gráficas, demostrando coñecer a estrutura básica do sistema tributario que lles afecta e as consecuencias positivas e negativas deses gravames |
| Bloque 3: Economía persoal | d<br>e<br>f | B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.<br>B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades. | - Deseño e seguimento contable dun plan financeiro persoal usando ferramentas TIC.<br>- Elaboración de representacións gráficas comparando as previsións de gastos e ingresos para facer propostas de mellora. |
| | a<br>d<br>m | B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida. | Argumentan a necesidade de planificación racional dos asuntos financeiros considerando a conxuntura macroeconómica e a situación microeconómica dos axentes. |
| | A<br>f | B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.<br>B3.5. Risco e diversificación. | Exercicios explicando:<br>- A importancia do aforro e do control dos gastos para evitar o déficit orzamentario e o endebedamento crónico que hipotecan o futuro<br>- O recurso ao endebedamento para financiar investimentos estratéxicos e escala familiar, empresarial e pública. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | a<br>b<br>e<br>f<br>g | B3.6. O diñeiro.<br>B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.<br>B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.<br>B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro. | Análise de series de datos, representacións gráficas e contratos bancarios para comprobar que entenden a terminoloxía e o funcionamento básicos da operativa bancaria.<br>Simulacións de operacións telemáticas e con diversos tipos de tarxetas bancarias, demostrando que coñecen o seu uso.<br>Mapa conceptual recollendo os dereitos e as obrigas derivadas dos contratos bancarios e os procedementos de reclamación ante as entidades financeiras |
| | e<br>f<br>g | B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros. | Simulacións para escoller os seguros máis axeitados nun mapa conceptual coas características dos diversos tipos de seguros |
| Bloque 4: Economía e ingresos e gastos do Estado | a<br>b<br>e<br>f<br>g<br>ñ | B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado. | Manexo de representacións gráficas dos Orzamentos Xerais do Estado para identificar a composición do financiamento e do gasto público |
| | a<br>e<br>f | B4.2. A débeda pública e o déficit público. | Exercicios de análise de gráficas e series de datos sobre a evolución dos ingresos e dos gastos públicos para entender os conceptos de débeda e déficit público, a relación entre eles e as súas consecuencias estruturais |
| | a<br>c<br>d<br>e<br>f | B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda. | Análise de representacións gráficas da distribución da renda, explicando as consecuencias económicas e sociais.<br>Elaboración dun mapa conceptual coas características dos instrumentos redistribuidores da renda. |
| Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | a<br>c<br>e<br>f | B5.1. Tipos de xuro.<br>B5.2. Inflación.<br>B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.<br>B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias. | Análise de gráficas sobre os tipos de interese, relacionando as súas variacións coa demanda e os efectos no crecemento económico.<br>Análise de gráficas e documentais sobre as causas e as consecuencias da inflacción e os seus efectos macroeconómicos. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | a<br>c<br>e<br>f | B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.<br>B5.6. Perspectivas da ocupación. | Elaboración de mapas conceptuais sobre a tipoloxía do desemprego, as súas causas e consecuencias.<br>Análise de series de datos e representacións gráficas sobre a evolución do desemprego nos últimos anos.<br>Procura de datos sobre os factores determinantes da empregabilidade e os perfís profesionais máis demandados |
| Bloque 6. Economía internacional | a<br>e<br>f<br>m | B6.1. Globalización económica.<br>B6.2. Comercio internacional.<br>B6.3. Integración económica e monetaria europea.<br>B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade. | Elaboración de mapas conceptuais e narrativas sintéticas explicando:<br>- As claves da globalización económica e as súas consecuencias positivas e negativas partindo da análise de series de datos, representacións gráficas e secuencias de películas sobre a evolución do comercio internacional de produtos e factores dende a década de 1990 ata a actualidade.<br>- As características e as consecuencias da integración económica e monetaria na Unión Europea<br>- As características dun desenvolvento sustentable a nivel económico, social e ambiental fronte ás desfeitas da globalización neoliberal partindo de series de datos e secuencias de películas. |

Establecemos a seguinte secuenciación trimestral da materia, considerando que dispomos de 3 sesións semanais para tratar os contidos recollidos arriba.

| Bloques de contidos | Avaliación | Sesións de traballo na aula | Sesións de avaliación |
|---|---|---|---|
| 1º: Ideas económicas básicas | Primeira | 16 (setembro e outubro) | 1 |
| 2º: Economía e empresa | | 18 (novembro e decembro) | 1 |
| 3º: Economía persoal | Segunda | 17 (xaneiro e 1ª quincena de febreiro) | 1 |
| 4º: Economía e ingresos e gastos do Estado | | 18 (2ª quincena de febreiro e 3 semanas de marzo | 1 |
| 5º: Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego | Terceira avaliación | 17 (abril e 1ª quincena de maio) | 1 |
| 6º: Economía internacional | | 15 ( 2ª quincena de maio e xuño) | 1 |

Nota aclaratoria: non se computan as sesións dedicadas a viaxes de estudos a museos, exposicións temporais e outras actividades culturais, nin as dedicadas a exposición na aula dos traballos realizados polo alumnado en grupos pequenos.

# 6. Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

Os criterios de avaliación serán o referente especifico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describe o que se quere valorar e o alumnado debe lograr. Os instrumentos de avaliación que utilizaremos serán os seguintes:

- Instrumentos de observación (O): do traballo do alumnado na aula, individualmente e en grupo, anotando o que corresponda na libreta de aula do profesor (LAdP).
- Instrumentos de produción (P) do alumnado: revisaranse periódicamente as libretas individuais e recolleranse traballos escritos ou en soporte TIC producidos polo alumnado, individualmente ou en pequeno grupo. En ambos os dous casos anotarase a cualificación que corresponda na LAdP.
- Probas orais (PO): respostas individuais a preguntas do profesor, participación en debates e postas en común, anotando a cualificación que corresponda na LAdP.
- Probas escritas (PE): realizaranse un mínimo de dúas (2) por avaliación.

| Bloque | Estándar de aprendizaxe avaliable | Instrumento de avaliación<br>Apartado a elaborar |
|---|---|---|
| Bloque 1: Ideas económicas básicas | ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias. | P<br>PO<br>PE |
| | ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións. | P<br>PE |
| | ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía. | O, P |
| | ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa. | P, PO, PE |
| | ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción. | P, PE |
| | ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas. | P, PO, PE |

| | | |
|---|---|---|
| | ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno | O, P, PO |
| Bloque 2. Economía e empresa | ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo. | P, PO, PE |
| | ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | P, PO, PE |
| | ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan. | O, P, PO |
| | ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía. | P, PO, PE |
| | ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades. | O, P, PO |
| | ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | P, PO, PE |
| | ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados. | O, P, PO, PE |
| | ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles. | P, PO, PE |
| | ECB2.5.2. Valora a achega que supón a carga impositiva que soportan as empresas para a riqueza nacional. | O, P, PO, PE |
| Bloque 3. **Economía persoal** | ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento. | P, PE |
| | ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado. | O, P, PE |
| | ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas. | P, PO, PE |
| | ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional. | O, P, PO |
| | ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto. | O, P, PO |

| | | |
|---|---|---|
| | ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento. | P, PO, PE |
| | ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria. | O, P, PE |
| | ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos. | O, P, PE |
| | ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas. | O, P, PO |
| | ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa. | P, PO, PE |
| | ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida. | O, P, PO |
| Bloque 4: **Economía e ingresos e gastos do Estado** | ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións. | O, P, PE |
| | ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado. | P, PO, PE |
| | ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo. | O, P, PE |
| | ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución. | P, PO, PE |
| | ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles. | P, PO, PE |
| | ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta. | P, PO, PE |
| | ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda | O, P, PO |
| Bloque 5: **Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego** | ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | P, PO, PE |
| | ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía. | O, P, PO |
| | ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego. | O, P, PE |
| | ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais. | P, PO, PE |
| | ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego. | P, PO, PE |

| | | |
|---|---|---|
| | ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego. | O, P, PO |
| Bloque 6: **Economía internacional** | ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos. | O, P, PO |
| | ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel. | O, P, PO |
| | ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional. | O, P, PO |
| | ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea. | P, PO, PE |
| | ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable. | P, PO, PE |

## 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os criterios de avaliación serán o referente especifico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, esto é as capacidades que debe acadar ao longo das sesións da materia e nos traballos realizados en horario extraescolar. A avaliación do alumnado será continua, diferenciada e integradora no proceso de ensino e apendizaxe para detectar dificultades, as súas causas e adaptar as actividades desenvolvidas en cada grupo-aula.

**Requisitos mínimos** para superar a materia cunha cualificación positiva:

- Demostrar unha actitude proactiva caracterizada polo comportamento correcto cos compañeiros e co profesorado sen impedir o desenvolvemento normal das actividades de aprendizaxe.
- Dispor de libro de texto e caderno e usalos axeitadamente seguindo as instrucións do profesor para realizar as tarefas encomendadas na aula e no horario extraescolar.

**Elementos observados polo profesorado** na aula, que anotará no seu caderno e cualificará positivamente nas avaliacións ordinarias:

- Realización en debido tempo e forma dos exercicios e tarefas diarias e corrección acertada dos mesmos na aula.

- Organización e disposición correctas do material de traballo individual que deberá estar ordenado e actualizado.
- Participación activa nas sesións de traballo na aula.
- Realización e entrega de exercicios e traballos axustados ao prazo e as indicacións do profesor.

A **promoción** estructúrase do seguinte xeito:

- A cualificación acadada en cada unha das tres avaliaciacións ordinarias será o resultado das notas especificas das probas escritas (exames), producións escritas (traballos) individuais ou en grupo, participación proactiva na aula e, de ser o caso, das acadadas nas actividades de recuperación e reforzo.
- A cualificación final ordinaria será unha media aritmética das cualificacións respectivas acadadas nas tres avaliacións ordinarias e/ou nas correspondentes recuperacións.

Realizaremos a **AVALIACIÓN INICIAL** partindo da observación dos coñecementos previos do alumnado a través das súas producións orais e escritas no bloque 1 durante o mes de setembro e primeira quincena de outubro. Será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. A tal efecto, realizaranse probas iniciais para detectar a capacidade comprensiva e expresiva do alumnado mediante a realización de exercicios, lecturas e comentarios de imaxes, gráficas e mapas.
Os resultados desta avaliación inicial non condicionan a cualificación nas avaliacións ordinarias dado que a súa finalidade é determinar os coñecementos previos do alumnado.

O sistema de **AVALIACIÓN ORDINARIA desenvolverase contando cos seguintes instrumentos**

a) Producións orais e escritas do alumnado:

- Dous exames por avaliación, que só se repetirán en sesións diferentes ás previamente establecidas ao alumnado que presente un xustificante oficial (médico ou semellante) explicando as razóns da súa ausencia á convocatoria inicial desa proba escrita.
- Traballos realizados polo alumnado, individualmente ou en grupo pequeno e presentados en diversos formatos.

b) Participación proactiva nas sesións e realización das tarefas encomendadas.

c) Aplicación correcta dos procedementos indicados polo profesor no que atinxe á elaboración e presentación en forma e prazo de traballos individuais ou grupais.

d) Avaliación cualitativa da progresión ou retroceso nas aprendizaxes do alumno estimada polo docente e rexistrada no seu caderno de aula.

**O procedemento para avaliación do alumnado que perda a posibilidade de que lle sexa aplicado o dereito a avaliación continua** polos motivos que constan no Regulamento de Réxime Interno deste IES será unha proba escrita final de avaliación de toda a materia. Dito exame incluirá todos os contidos traballados durante o curso e constará de cuestións extraídas entre os contidos mínimos que figuran na programación. Considerarase avaliación positiva aquelas que obteñan unha nota igual ou superior a cinco (5).

## CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**Nas AVALIACIÓNS ORDINARIAS** cuantificarase:

**1. Coñecementos e procedementos** que representarán, como máximo, un **70 %** da cualificación. Avaliaranse mediante:

- As producións escritas realizadas polo alumnado no seu caderno ou entregadas ao profesor. Poderán ser considerados aptos ou non en función do resultado e de que aplicasen os procedementos de traballo indicados polo profesor.
- Dous exames escritos por avaliación. Deberán acadar unha cualificación mínima de 3 sobre dez para facer media co resto dos instrumentos de avaliación.
- Un único exame escrito de recuperación das partes non superadas en cada avaliación ordinaria.
- Os exercicios de reforzo realizados polo alumnado que o precise.

O alumnado deberá acadar un mínimo de 4 puntos (40%) neste apartado de coñecementos e procedementos, para sumar a nota correspondente a

**2. Actitudes proactivas, comportamento correcto e traballo nas sesións da materia** representarán, como mínimo, un **30%** da nota final de cada avaliación.

As producións escritas (análises e comentarios de documentos, gráficas, imaxes, etc) non entregados ou mal realizados e unha **actitude disruptiva ou de abandono da materia** significarán un suspenso na avaliación, condicionado á realización correcta desas probas e á rectificación desas actitudes negativas para recuperar a avaliación.

A **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO** realizarase seguindo o especificado nos artigos 11 e 12.6 do Decreto *133/2007 do 5 de xullo* (DOG 13 de xullo de 2007), esto é: no mes de setembro, tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo e tendo os criterios de avaliación da materia como referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e de consecución dos obxectivos.

Realizarase, como norma xeral, unha proba escrita referida aos contidos desta programación didáctica, semellante ás realizadas durante as avaliacións ordinarias e puntuada sobre 10 na que será necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 para aprobar a materia.

Excepcionalmente, as capacidades, necesidades, aptitudes e realidades de certo alumnado farán que se realicen outro tipo de probas (exercicios, tarefas e traballos) que deberán ser entregados por escrito na data de realización da proba extraordinaria de setembro. Estes traballos complementarios suporán ata un 30% da nota. Nestes casos excepcionais, a proba escrita suporá ata un 70% da cualificación final e será necesario que o alumnado acade un mínimo de 3,5 nela para sumarlle a nota dos traballos complementarios.

## 8.- Metodoloxía

Unha metodoloxía didáctica é un conxunto de estratexias, procedimentos e accions organizadas e planificadas polo profesorado, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxetivos establecidos. Aplica uns principios xerais psicopedagóxicos, fundamentados en teorías de ensino e aprendizaxe que derivan dunha estrutura teórica ou paradigma. Neste caso, teremos en conta o nivel de desenvolvemento do alumno e os seus coñecementos previos para guialos na construción dunha

aprendizaxe significativa e autónoma que lles permita aplicar o coñecemento acadado en situacións prácticas da vida. Estes fundamentos educativos determinan as seguintes formas de ensino e aprendizaxe ou principios metodolóxicos concretos:

1. Relacionar as actividades de ensino e aprendizaxe coa vida real do alumnado, remitindo a súa propia experiencia e aos fenómenos e procesos que poda esculcar na súa contorna.
2. Fomentar a construción dunha aprendizaxe significativa relacionando os coñecementos previos coas novas experiencias de aprendizaxe.
3. Organizar os contidos en eixes temáticos que analicen problemas e situacións económicas e microescala e no ámbito global.
4. Estimular a interacción profesor-alumnado e entre estes para fomentar a construción da aprendizaxe significativa e autónoma modificando puntos de vista, coordinando intereses, tomando decisións colectivamente e apoiándose mutuamente para superar os conflitos a través do diálogo e da cooperación.
5. Promover o interese do alumnado polo códigos, instrumentos e convencións de funcionamento da sociedade actual, deseñando actividades de reforzo e posgrao en conformidade coas peculiaridades de cada grupo e os ritmos individuais de aprendizaxe.
7. Informar ao alumnado sobre o propio proceso de aprendizaxe, clarificando os obxectivos a acadar, promovendo estratexias de construción de aprendizaxe innovador e prácticas de mellora do proceso.

Na materia Economía de 4º de ESO fomentaremos, dende un punto de vista didáctico,

a) A comprensión básica das características económicas e socioculturais do mundo actual.

b) A empatia e o respecto polas diferentes culturas e polo medio natural.

c) Estratexias de aprendizaxe que integren os coñecementos previos do alumnado para planificar e avaliar o proceso de adquisición de novos coñecemento a través da análise de gráficas, series de datos, textos xornalísticos e secuencias de películas.

d) A execución de tarefas en equipo e o traballo cooperativo que permitan practicar e aplicar conceptos aprendidos.

e) A aprendizaxe de técnicas de organización e rexistro de información, interpretación de gràficas e series de datos, resolución de problemas, explicación e descrición dos fenómenos e formulación de hipóteses.

f) Actitudes de rigor, curiosidade científica, cooperación e responsabilidade no traballo individual e grupal como vía de desenvolvemento da autoestima persoal, de interacción con outras persoas e de acceso á cultura.

## 9.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesor encargado da materia coordinado coa xefatura do departamento didáctico explicará ao alumnado de 1º Bach. que teña pendente esta materia as actividades formativas que deben realizar durante cada trimestre para superala. En caso de non presentar esas actividades en debido tempo e forma demostrarán uns coñecementos mínimos nunha proba escrita a finais do terceiro trimestre do curso.

## 10.- Medidas de atención a diversidade.

Prestaremos unha atención especial ás seguintes medidas de reforzo ou de ampliación:

- Emprego de metodoloxías diversas para atender ás necesidades persoais de cada alumno: adaptacións nas formas de enfocar ou presentar determinados contidos ou actividades cando se detecten dificultades no alumnado.
- Actividades de aprendizaxe diferenciadas, contemplando exercicios de reforzo e ampliación.

Partiremos dos coñecementos e destrezas que xa posúe o alumnado para que vaian acadando novas capacidades de maneira autónoma e coa axuda do profesor e dos seus compañeiros. Esto implica motivalos con propostas e tarefas cuxa complexidade sexa axeitada para cada grupo e alumno polo que teremos previsto un repertorio de actividades para cada un dos contidos considerados como fundamentais, con distinto nivel de complexidade, que permita traballar estes mesmos contidos con diferente nivel de esixencia. Os diferentes libros de texto para o alumnado e os materiais complementarios para o profesorado fornecen material axeitado abondo para desenvolver esta dinámica de traballo que facilita as aprendizaxes en función das necesidades concretas do alumnado.

## 11.-Actividades extraescolares e complementarias.

Deseñamos un ábano variado e flexible de actividades para achegar ao alumnado á realidade económica e social abordada nesta programación didáctica co obxectivo último de favorecer o desenvolvemento de actitudes de compromiso con modelos de desenvolvemento económico sustentable en termos económicos, sociais e medioambientais. A tal efecto, proporemos ao alumnado´:

- A realización de visitas a empresas da contorna que estén desenvolvendo proxectos innovadores como Conservas Sotavento en Nebra, Ornanda en Miñortos, Estivada Ecuestre en Outes ou Arrexó en Rois.
- A asistencia a exposicións e conferencias organizadas en Noia, Ribeira ou en Santiago de Compostela.

## 12.- Materiais e recursos didácticos:

- Como libro de texto de referencia para o alumnado o de A. Penalonga, 2016, *Economía*, 4º de ESO, Mc Graw.
- Usaremos na aula, entre outros, os seguintes sitios virtuais:
  - http://www.econoaula.com.
  - https:// paraprofesdeconomia.wordpress.com.
  - http://www.cnice.es.
  - http://www.ine.es.
  - http://www.juntadeandalucia.es/averroes/.

- http://www.bnm.me.gov.ar/e-recursos/sitios_interes/ciencias_sociales.php

- Novas de prensa e artigos de opinión.
- Mapas históricos en soporte dixital ou en papel.
- Secuencias de películas argumentais e documentais do fondo cinematográfico da biblioteca do IES.
- Presentacións en Power Point.
- Os fondos bibliográficos da biblioteca do IES de Porto do Son para a actualización do profesor encargado da materia.

## 13.- Avaliación da práctica docente:

Queremos avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe que concretan os Criterios de Avaliación do Currículo da materia (que debe saber o alumnado?) e permiten definir os resultados desas aprendizaxes. Os ditos Estándares valóranse a partir dos indicadores de logro que permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes consolidadas polo alumnado respecto dos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este sistema facilita a avaliación dos resultados das estratexias e recursos educativos aplicados polo docente na súa práctica educativa para fomentar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe. Esta avaliación das prácticas docentes e recursos aplicados na aula será continua para adaptalos ás necesidades específicas de cada grupo-aula e, na medida do posible, de cada alumna/o.

Os indicadores de logro da práctica docente deben valorar:
- O cumprimento da planificación: realización de actividades programadas, temporalización, obxectivos definidos e accións deseñadas para acadalos.
- O posible logro doutras obxectivos distintos aos planificados na programación.
- A progresión nas liñas definidas nos obxectivos.
- A satisfacción dos implicados no proceso de ensino e aprendizaxe cos resultados acadados.

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnos celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente.

Unha rúbrica da práctica docente que valore os seguintes aspectos é unha ferramenta auxiliar util para reflexionar e valorar a actividade docente:

- Temporalización das unidades e dos contidos: a planificación das unidades didácticas ao longo do curso e a temporalización dos contidos que se deben abordar en cada unidade coincidiu coa práctica docente?.
- Exposición da información: as explicacións docentes foron claras?, houbo boa recepción por parte do alumnado e unha interacción axeitada para comprobar a asimilación das informacións transmitidas?.
- Eficacia das actividades realizadas: facilitaron a consecución dos obxectivos didácticos e dos criterios de avaliación formulados?.
- Diversidade de recursos: os diversos recursos e materiais didácticos utilizados, incluíndo as TIC, fomentaron con eficiencia a aprendizaxe significativa e autónoma dos contidos establecidos.
- Estratexias de motivación do alumnado: funcionaron ben as propostas de traballo para que o alumnado desenvolva as súas capacidades en función dos seus propios intereses, mantendo a motivación/interese na materia e o esforzo durante a súa aprendizaxe?.
- Interacción co alumnado: estableceuse unha relación fluída entre o docente e o alumnado favorecendo o desenvolvemento das actividades de aprendizaxe.
- Avaliación das aprendizaxes: a avaliación dos Contidos e das Competencias adquiridos a través dos Estándares de Aprendizaxe correspóndese co establecido na programación e contempla os progresos individuais da cada alumna/o?.

Contaremos coa valoración do propio alumnado que recheará un cuestionario anónimo de avaliación das actividades de ensino e aprendizaxe que entregará por separado en cada proba escrita de avaliación.

Número de veces que se repite cada competencia Clave nesta programación didáctica

| | | |
|---|---|---|
| CSC | Competencias sociais e cívicas | 24 |
| CAA | Competencia para aprender a aprender | 18 |
| CCL | Competencia en comunicación linguística | 18 |
| CMCCT | Competencia matemática e competencias básicas en Ciencias e Tecnoloxía abrangue a Competencia Dixital | 24 |
| CD | | 21 |
| CSIEE | Competencia en sentido da iniciativa e espíritu emprendedor. | 4 |

# Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, 4º de ESO, curso 2016/17

## Introdución e contextualización

A materia de Iniciación á Actividade emprendedora está regulada no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O espírito emprendedor é un concepto que abrangue valores persoais tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza en si mesmo/a, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. Todas as persoas terán que emprender na súa vida persoal e laboral, terán que innovar e procurar novas respostas, no mundo globalizado e cambiante ao que se enfrontan, aínda que non todas logran levar a cabo un proxecto empresarial propio.

Formar cidadáns e cidadás capaces de asumir riscos, ser innovadores/as, con posibilidade de negociación e pensamento estratéxico, e con capacidade para o emprendemento constitúe o reto desta materia. Inclúe aspectos teóricos e prácticos orientados a preparar o alumnado para unha cidadanía responsable e para a vida profesional; axuda ao coñecemento das actividades e das necesidades das persoas emprendedoras, persegue que poidan responsabilizarse da súa propia carreira e do seu camiño persoal de formación, e da toma das decisións clave na súa vida, ademais da posibilidade de crear un negocio propio ou actuar como innovadores/as no traballo dentro dunha organización.

Esta materia estrutúrase en tres grandes bloques:

1º. "Autonomía persoal, liderado e innovación" está centrado na descrición das calidades e as destrezas persoais asociadas á iniciativa emprendedora, no repaso das decisións sobre o itinerario vital e a actuación como futuro/a traballador/a.

2º. "Proxecto de empresa" repasa as principais áreas e funcións da empresa co obxecto de pór en marcha o proxecto empresarial xurdido da idea de negocio xerado previamente.

3º. "Finanzas" analiza as alternativas con que conta a empresa para elixir a súa forma xurídica, as fontes de financiamento do seu proxecto empresarial,a necesidade de planificar as necesidades financeiras e as obrigas fiscais e prever a evolución do negocio, garantindo a súa viabilidade.

Esta materia contribúe, específicamente, ao desenvolvemento da competencia de sentido de iniciativa emprendedora e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade. Alén diso, fomenta e desenvolve as demais competencias chave do xeiro que segue:

- A competencia en comunicación lingüística (CLL) a través de argumentacións, análises de textos relevantes, definicións de termos, diálogos, exposicións orais e escritas.
- A competencia social e cívica (CSC) pola análise dos desafíos económicos e socioambientais do mundo actual e das posibles respostas a eles (economía normativa) que nos levará a debates na aula para fomentar a argumentación coherente do alumnado.
- A competencia de aprender a aprender (CAA) a través da realización autónoma de tarefas de investigación, síntese e reflexión.
- A competencia dixital (CD) coa procura de información relevante, a súa presentación en formato dixital e a intervención en Redes Sociais.
- A competencia de sentido de iniciativa e espíritu emprendedor (CSIEE) a través de contidos e destrezas relacionadas co mundo do traballo, a educación económica, a financieira e a organización empresarial.
- A competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) a través de procesos de razonamento que lle leven á solución de problemas da vida cotidiá, a lectura e interpretación de gráficos e a resolución de problemas baseados na aplicación de expresións matemáticas.

## 4. Criterios de avaliación relacionados cos respectivos estándares de aprendizaxe e competencias clave e concreción do grado mínimo de consecución

Os criterios de avaliación serán o referente especifico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen o que se quere valorar e que o alumnado debe lograr como resultado das experiencias educativas planificadas para a materia. Especifícanse nos **estándares**

**de aprendizaxe avaliables** que concretan o que debe saber, comprender e saber facer o estudantado en cada materia.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias Clave | Grado mínimo de consecución |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. **Autonomía persoal, liderado e innovación** | | | |
| B1.1. Describir as calidades persoais e as destrezas asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requisitos de distintos postos de traballo e actividades empresariais. | IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | CSIEE<br>CAA | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | CD<br>CAA<br>CSIEE | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| B1.2. Tomar decisións sobre o itinerario vital propio comprendendo as posibilidades de emprego, o autoemprego e a carreira profesional, en relación coas habilidades persoais e as alternativas de formación e aprendizaxe ao longo da vida. | IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | CAA<br>CSIEE | - 50% na proba escrita,<br><br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| B1.3. Actuar como futuro/a traballador/a responsable coñecendo os seus dereitos e deberes como tal, valorando a acción do Estado e da Se- | IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | CSC<br>CSIEE | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | CSC<br>CSIEE<br>CMCCT | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| guridade Social na protección da persoa empregada, comprendendo a necesidade de protección dos riscos laborais. | IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | CCL<br>CSC<br>CSIEE | - 50% na proba escrita,<br><br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | CSIEE<br>CAA<br>CMCCT | - 50% na proba escrita,<br><br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| Bloque 2: **Proxecto de empresa** | | | |
| B2.1. Crear un proxecto de empresa na aula e describir as características internas e a súa relación co contorno, así como a súa función social, identificando os elementos que constitúen a súa rede loxística como provedores/as, clientela, sistemas de produción e comercialización, redes de almacenaxe, etc. | IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | CSIEE<br>CAA | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación. |
| | IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | CSIEE<br>CMCCT<br>CD | - 50% na proba escrita,<br><br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | SIEE<br>CCL<br>CMCCT | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | CCL<br>CSIEE<br>CMCCT | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B2.2. Identificar e organizar a información das áreas da empresa en proxecto aplicando os métodos correspondentes á tramitación documental empresarial | IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | CD<br>CMCCT<br>CAA | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | CCL<br>CSIEE<br>CD<br>CMCCT | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| B2.3. Realizar actividades de produción e comercialización propias da empresa proxectada, aplicando técnicas de comunicación e traballo en equipo. | IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | CCL<br>CSIEE<br>CD<br>CMCCT | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | CSIEE<br>CMCCT<br>CD<br>CAA | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | CD<br>CMCCT<br>CSIEE | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| Bloque 3: **Finanzas** | | | |
| B3.1. Describir as formas xurídicas das empresas en relación coas respon- | IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | CSIEE<br>CMCCT | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| sabilidades legais dos/das seus/súas propietarios/a e xestores/as, así como coas esixencias de capital. | IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | CD<br>CMCCT<br>CSIEE | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | CSC<br>CMCCT | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | CAA<br>CSIEE<br>CMCCT | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| B3.2. Identificar as fontes de financiamento das empresas propias de cada forma xurídica, incluíndo as externas e internas, e valorar as máis axeitadas para cada tipo e momento no ciclo de vida da empresa. | IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | CSIEE<br>CMCCT<br>CD | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | CMCCT<br>CD<br>CSIEE | - 50% na proba escrita,<br><br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| B3.3. Recoñecer a necesidade de planificar o negocio das empresas ligándoa á previsión da evolución do sector e da economía nacional, así | IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | CD<br>CSIEE<br>CAA<br>CMCCT | - 50% na proba escrita,<br><br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| como da planificación financeira e fiscal. | IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | CAA<br>CSIEE<br>CMCCT<br>CD | - 50% na proba escrita,<br><br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | CMCCT<br>CD<br>CSIEE | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |
| | IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | CSC<br>CAA | - 50% na proba escrita,<br>- Nivel C na rúbrica nos traballos de aplicación práctica. |

## 5. Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contidos coa temporalización.

O currículo da materia *Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial* en 4º curso de ESO establece unha serie de obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliables que recollemos polo miúdo na seguinte programación didáctica. Entendemos por **currículo** a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe. Os **obxetivos** son os referentes relativos aos logros que o estudiante debe acadar ao finalizar a etapa, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas. Os **contidos** son o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribuen ao logro dos obxetivos da etapa educativa e permiten acadar as competencias establecidas para a ESO. Ordénanse en materias ou ámbitos, en función da propia etapa educativa ou dos programas nos que participe o alumnado. Os contidos establecidos para a materia de Economía no nivel de 4º ESO son os que recollemos na terceira columna da figura que segue.

Pola súa banda, as actividades propostas durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe desta materia serán de tres tipos:

- **Actividades introdutorias** que conecten ao alumnado coa realidade que eles coñecen e esperten a súa curiosidade para aprender

máis. Serán preguntas ao grupo sobre conxunturas do mercado, lectura de artigos xornalísticos e análise de gráficas, secuencias de películas argumentais ou documentais e mapas conceptuais básicos dos temas que imos estudar.

- **Actividades de desenvolvemento** da materia que nos ocupe, predominando as de tipo práctico, de resolución de problemas que permitan asentar os conceptos que se empregarán na materia. Exemplo: exercicios de clasificación dos distintos tipos de empresas. Realizaránse, tamén, mapas conceptuais que servirán ao alumnado para esquematizar os coñecementos acadados.
- **Actividades de simulación** serán as máis relevantes dada a natureza empírica da materia. Realizaranse despois das actividades de desenvolvemento e servirán para aplicar o aprendido a través da realización de pequenos proxectos de aprendizaxe servizo.

Resultan fundamentais para dimamizar as sesións da materia de xeito que sexan participativas. Realizaranse en pequenos equipos, con agrupacións voluntarias ou aleatorias dependendo da actividade. O obxectivo último destas actividades é que o alumnado se *empodere*, identificando as súas propias capacidades e desenvolvendo pequenos proxectos emprendedores.

| Bloque | Obxec-tivos | Contido | Actividades |
|---|---|---|---|
| Bloque 1. Autonomía persoal, liderado e innovación | e<br>g | B1.1. Autonomía e autocoñecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.<br>B1.2. Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional. | - Actividades introdutorias.<br>- Actividades de desenvolvemento.<br>- Actividades de simulación. |
| | b<br>g | B1.3. Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal. | - Actividades introdutorias.<br>- Actividades de desenvolvemento.<br>- Actividades de simulación. |
| | a<br>c<br>g<br>m | B1.4. Dereito do traballo.<br>B1.5. Dereitos e deberes derivados da relación laboral.<br>B1.6. Contrato de traballo e negociación colectiva.<br>B1.7. Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.<br>B1.8. Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.<br>B1.9. Riscos laborais. Normas. Planificación da protección na empresa. | - Actividades introdutorias.<br>- Actividades de desenvolvemento.<br>- Actividades de simulación. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Bloque 2. Proxecto de empresa | d<br>g | B2.1. Idea de proxecto de empresa. Avaliación da idea. O contorno e o papel social da empresa.<br>B2.2. Elementos e estrutura da empresa.<br>B2.3. Plan de empresa.<br>B2.4. Planificación na empresa. | - Actividades introdutorias.<br>- Actividades de desenvolvemento.<br>- Actividades de simulación. |
| | b<br>g<br>h | B2.5. Información na empresa. Información contale. Información de recursos humanos. Documentos comerciais de cobramento e pagamento. Arquivo. | - Actividades introdutorias.<br>- Actividades de desenvolvemento.<br>- Actividades de simulación. |
| | g<br>h<br>l | B2.6. Actividades na empresa. Función de produción. Función comercial e de márketing.<br>B2.7. Axudas e apoio á creación de empresas. | - Actividades introdutorias.<br>- Actividades de desenvolvemento.<br>- Actividades de simulación. |
| Bloque 3.<br>Finanzas | a<br>d<br>g<br>h<br>l<br>ñ | B3.1. Tipos de empresa segundo a súa forma xurídica.<br>B3.2. Elección da forma xurídica.<br>B3.3. Trámites de posta en marcha dunha empresa. | - Actividades introdutorias.<br>- Actividades de desenvolvemento.<br>- Actividades de simulación. |
| | b<br>f<br>g | B3.4. Fontes de financiamento das empresas: externas (bancos, axudas e subvencións, e crowdfunding) e internas (accionistas, investidores/as e aplicación de beneficios).<br>B3.5. Produtos financeiros e bancarios para pequenas e medianas empresas (PME): comparación. | - Actividades introdutorias.<br>- Actividades de desenvolvemento.<br>- Actividades de simulación. |
| | b<br>f<br>g<br>l<br>ñ | B3.6. Planificación financeira das empresas. Estudo de viabilidade económico-financeira. Proxección da actividade. Instrumentos de análise. Razóns básicas.<br>B3.7. Impostos que afectan as empresas. Calendario fiscal. | - Actividades introdutorias.<br>- Actividades de desenvolvemento.<br>- Actividades de simulación. |

Establecemos a seguinte secuenciación trimestral da materia, considerando que dispomos de 3 sesións semanais para tratar os contidos recollidos arriba.

| Bloques de contidos | Avaliación | Sesións de traballo na aula | Sesións de avaliación |
|---|---|---|---|
| 1º. Autonomía persoal, liderado e innovación | 1ª: setembro ata decembro de 2016 (incluidos) | 35 | 2 sesións |
| 2º. Proxecto de empresa | 2ª: xaneiro ata marzo de 2017 (incluido) | 33 | 2 sesións |
| 3º. Finanzas | 3ª. Abril ata xuño de 2017 | 27 | 2 sesións |

Nota aclaratoria: non se computan as sesións dedicadas a viaxes de estudos a museos, exposicións temporais e outras actividades culturais, nin as dedicadas a exposición na aula dos traballos realizados polo alumnado en grupos pequenos.

# 6. Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

Os criterios de avaliación serán o referente especifico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describe o que se quere valorar e o alumnado debe lograr. Os instrumentos de avaliación que utilizaremos serán os seguintes:

- Instrumentos de observación (O): do traballo do alumnado na aula, individualmente e en grupo, anotando o que corresponda na libreta de aula do profesor (LAdP).
- Instrumentos de produción (P) do alumnado: revisaranse periódicamente as libretas individuais e recolleranse traballos escritos ou en soporte TIC producidos polo alumnado, individualmente ou en pequeno grupo. En ambos os dous casos anotarase a cualificación que corresponda na LAdP.
- Probas orais (PO): respostas individuais a preguntas do profesor, participación en debates e postas en común, anotando a cualificación que corresponda na LAdP.
- Probas escritas (PE): realizaranse un mínimo dunha por avaliación e, preferentemente, dúas.

| Bloque | Estándar de aprendizaxe avaliable | Instrumento de avaliación |
|---|---|---|

| | | |
|---|---|---|
| 1º. Autonomía persoal, liderado e innovación | IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | P, PO, PE. |
| | IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles. | O, P, PE. |
| | IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida. | P, PO, PE. |
| | IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo. | P, PO, PE. |
| | IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróbaos en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva. | O, P, PE. |
| | IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas. | P, PO, PE. |
| | IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano. | P, PO, PE. |
| 2º. Proxecto de empresa | IAEEB2.1.1. Determina a oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | O, P, PE. |
| | IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | P, PO, PE. |
| | IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | O, P, PE. |
| | IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | O, P, PE. |

| | | |
|---|---|---|
| | IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | O, P, PE. |
| | IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante medios telemáticos e presenciais. | O, P, PO. |
| | IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | O, P, PE. |
| | IAEEB2.3.2. Desenvolve tarefas de produción e/ou comercialización na empresa en proxecto segundo os plans de control prefixados: simulando a toma de decisións para cumprir os prazos e os obxectivos establecidos e propondo melloras, mediante o traballo en equipo. | P, PE. |
| | IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | O, P, PE. |
| 3º. Finanzas | IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | O, PO, PE. |
| | IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | P, PO, PE. |
| | IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | P, PO. |
| | IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | P, PO, PE. |
| | IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | P, PO. |
| | IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | O, P, PE. |

| | | |
|---|---|---|
| | IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financeiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folla de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | O, P, PO. |
| | IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | O, P, PO. |
| | IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | O, P, PE. |
| | IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | P, PO, PE. |

## 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Os criterios de avaliación serán o referente especifico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, esto é as capacidades que debe acadar ao longo das sesións da materia e nos traballos realizados en horario extraescolar. A avaliación do alumnado será continua, diferenciada e integradora no proceso de ensino e apendizaxe para detectar dificultades, as súas causas e adaptar as actividades desenvolvidas en cada grupo-aula.

**Requisitos mínimos** para superar a materia cunha cualificación positiva:

- Demostrar unha actitude proactiva caracterizada polo comportamento correcto cos compañeiros e co profesorado sen impedir o desenvolvemento normal das actividades de aprendizaxe.
- Dispor de libro de texto e caderno e usalos axeitadamente seguindo as instrucións do profesor para realizar as tarefas encomendadas na aula e no horario extraescolar.

**Elementos observados polo profesorado** na aula, que anotará no seu caderno e cualificará positivamente nas avaliacións ordinarias:

- Realización en debido tempo e forma dos exercicios e tarefas diarias e corrección acertada dos mesmos na aula.
- Organización e disposición correctas do material de traballo individual que deberá estar ordenado e actualizado.
- Participación activa nas sesións de traballo na aula e nos proxectos de aprendizaxe servizo en pequeno grupo.
- Realización e entrega de exercicios e traballos axustados ao prazo e as indicacións do profesor.

A **promoción** estructúrase do seguinte xeito:

- A cualificación acadada en cada unha das tres avaliaciacións ordinarias será o resultado das notas especificas das probas escritas (exames), producións escritas (traballos) individuais ou en grupo, participación proactiva na aula e, de ser o caso, das acadadas nas actividades de recuperación e reforzo.
- A cualificación final ordinaria será unha media aritmética das cualificacións respectivas acadadas nas tres avaliacións ordinarias e/ou nas correspondentes recuperacións.

Realizaremos a **AVALIACIÓN INICIAL** partindo da observación dos coñecementos previos do alumnado a través das súas producións orais e escritas no bloque 1 durante o mes de setembro e primeira quincena de outubro. Será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno. A tal efecto, realizaranse probas iniciais para detectar a capacidade comprensiva e expresiva do alumnado mediante a realización de exercicios, lecturas e comentarios de imaxes, gráficas e mapas.
Os resultados desta avaliación inicial non condicionan a cualificación nas avaliacións ordinarias dado que a súa finalidade é determinar os coñecementos previos do alumnado.

O sistema de **AVALIACIÓN ORDINARIA desenvolverase contando cos seguintes instrumentos**

a) Producións orais e escritas do alumnado:

- Un exame ou dous por avaliación, que só se repetirán en sesións diferentes ás previamente establecidas ao alumnado que presente un xustificante oficial (médico ou semellante) explicando as razóns da súa ausencia á convocatoria inicial desa proba escrita.

- Traballos realizados polo alumnado, individualmente ou en grupo pequeno e presentados en diversos formatos.

b) Participación proactiva nas sesións e realización das tarefas encomendadas a nivel individual ou de pequeno grupo.

c) Aplicación correcta dos procedementos indicados polo profesor no que atinxe á elaboración e presentación en forma e prazo de traballos individuais ou grupais.

d) Avaliación cualitativa da progresión ou retroceso nas aprendizaxes do alumnado estimada polo docente e rexistrada no seu caderno de aula.

e) Rubrica para a correción das actividades de simulación e actividades complementarias

| CRITERIO | A | B | C | D |
|---|---|---|---|---|
| **Contidos** | - Trátase o tema superficialmente.<br>- Non se abordan contidos específicos.<br>- Non se tiran conclusións.<br>- Non hai metodoloxía | - Trátase o tema de forma non<br>significativa.<br>- Os contidos abordados son escasos.<br>- Non se tiran conclusións<br>- A metodoloxía é insuficiente | - O tratamento do tema é limitada<br>- Abordánse a maioría dos contidos pero parcialmente.<br>- Non se extraen conclusións<br>- Uso limitado do método | - Trátase o tema polo miúdo<br>- Abordánse todos os contidos delimitados, explicando as limitacións<br>- Estraense conclusións<br>- Uso correcto da metodoloxía específica |
| **Redacción e organización** | O aspecto do traballo é descoidado<br>- Uso moi deficiente da linguaxe<br>- Organización nula das ideas<br>- Non se cumpren os apartados propostos | O aspecto do traballo é descoidado<br>- Uso deficiente da linguaxe.<br><br>- Organización mínima das ideas<br>- Non se cumpren todos os apartados | Aspecto coidado, mais a linguaxe é estereotipada<br>-<br>A organización de ideas é básica sen achegas persoais<br><br>- Cumprense os apartados propostos | Aspecto coidado e elegante<br>- Bo uso da linguaxe<br>-<br>Boa organización de ideas<br><br>- A distribución en apartados é correcta |
| | Non se usan fontes de | As fontes de información | Usánse fontes de información | Usánse fontes de información |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Manexo da información** | información<br>- Non se cita correctamente<br>- Non hai bibliografía<br><br>- Non se distingue entre información allea e persoal | usadas non son válidas.<br>- Non se usa sistema de citas<br>- Inclúese bibliografía pero incorrectamente<br>- Non se distingue infor-mación e creación persoal. | válidas, mais moi básicas<br>-Usase un sistema de citas non convencional<br>- Inclúese bibliografía, mais incorrectamente<br>- Distínguese información e creación persoal. | válidas e suficientes<br>- Cítanse adecuadamente<br><br>- Inclúese bibliografía de forma correcta<br>- Distínguese información e creación persoal. |
| **Autonomía** | Non hai ningún aspecto do traballo que sexa persoal | Só é persoal a atribución de exemplos e a conclusión de forma mínima | Establece conclusións persoais sin analizar o tema desde unha perspectiva propia | Proposta orixinal de análise temática. Conclusións persoais. Autocrítica da propia perspectiva |

**O procedemento para avaliación do alumnado que perda a posibilidade de que lle sexa aplicado o dereito a avaliación continua** polos motivos que constan no Regulamento de Réxime Interno deste IES será unha proba escrita final de avaliación de toda a materia. Dito exame incluirá todos os contidos traballados durante o curso e constará de cuestións extraídas entre os contidos mínimos que figuran na programación. Considerarase avaliación positiva aquelas que obteñan unha nota igual ou superior a cinco (5).

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

**Nas AVALIACIÓNS ORDINARIAS** cuantificarase:

**1. Coñecementos e procedementos** que representarán, como máximo, un **70 %** da cualificación. Avaliaranse mediante:

- As producións escritas realizadas polo alumnado no seu caderno ou entregadas ao profesor. Poderán ser considerados aptos ou non en función do resultado e de que aplicasen os procedementos de traballo indicados polo profesor.
- Un exame escrito ou dous por avaliación. <u>Deberán acadar unha cualificación mínima de 4 sobre dez</u> para facer media co resto dos instrumentos de avaliación.
- Un único exame escrito de recuperación das partes non superadas en cada avaliación ordinaria.
- O deseño e desenvolvemento de pequenos proxectos de aprendizaxe servizo realizados polo alumnado en pequeno grupo, aplicando coñecementos e simulacións con arreglo aos estándares de aprendizaxe marcados.

O alumnado deberá acadar un mínimo de 4 puntos (40%) neste apartado de coñecementos e procedementos, para sumar a nota correspondente a

**2. Actitudes proactivas, comportamento correcto e traballo nas sesións da materia** representarán, como mínimo, un **30%** da nota final de cada avaliación.

As producións escritas (análises e comentarios de documentos, gráficas, imaxes, etc) non entregados ou mal realizados e unha **actitude disruptiva ou de abandono da materia nos grupos de traballo** significarán un suspenso na avaliación, condicionado á realización correcta desas probas e á rectificación desas actitudes negativas para recuperar a avaliación.

A comprobación da consecución dos diferentes estándares de avaliación realizarase mediante os dous procedementos de avaliación que recollemos na seguinte figura:

| **Procedemento** | Mínimo | Ponderación | Instrumento |
|---|---|---|---|
| **Exame** | 5 puntos sobre 10 | 50% | Proba escrita |
| **Traballos propostos na aula** | Nivel C na rúbrica de avaliación | 50% | Rúbrica |

A media dos traballos para a obtención da cualificación en cada avaliación establecerase a partir das cualificación dos diferentes procedementos sen redondeo á alta. Para acadar o nivel de suficiencia (5 puntos) nunha avaliación cómpre acadar, como mínimo, a metade da puntuación correspondente á puntuación mínima requerida en cada apartado. En caso contrario, só se poderá obter unha cualificación máxima de 4 puntos sobre 10 que é insuficiente.
Cando se produza unha avaliación negativa as actividades de recuperación consistirán na realización dunha proba escrita de recuperación que permita demostrar ao alumnado que acadou o nivel prescrito. A dita proba terá unha forma semellante e abordará os mesmos contidos que o exame proposto para a avaliación extraordinaria.

A **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO** realizarase seguindo o especificado nos artigos 11 e 12.6 do Decreto *133/2007 do 5 de xullo* (DOG 13 de xullo de 2007), esto é: no mes de setembro, tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo e

tendo os criterios de avaliación da materia como referentes fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e de consecución dos obxectivos.

Realizarase, como norma xeral, unha proba escrita referida aos contidos desta programación didáctica, semellante ás realizadas durante as avaliacións ordinarias e puntuada sobre 10 na que será necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 para aprobar a materia. A dita proba recollerá os estándares de aprendizaxe contemplados nesta programacións. Sirva de exemplo o seguinte modelo de exame final:

1. Explica gráficamente os pasos para crear e poñer en marcha unha empresa (ou contido do plan de empresa). Para elo, parte dende a idea e a súa descrición e debuxa un diagrama cos apartados principais. (2,5p)

2. Explica a diferenza fundamental entre préstamo e crédito. (0,5 p)

3. Cales son as vantaxes e inconvenientes derivados de traballar en equipo? (0,5 p)

4. Identifica e explica 4 boas prácticas de responsabilidade social. (0,5p)

5. Cita 4 medios ou recursos publicitarios. (0,5 p)

6. Enumera e explica os trámites de constitución para poñer en marcha un proxecto empresarial. (1,5p)

7. Xoán quere pedir a prestación por desemprego. Sabendo que traballou un total de 6 anos, a cantos días de prestación ten dereito? (0,5 p)

8. Marca as opcións correctas: (3,5p)

- 1ª. Cal das profesións seguintes non é do sector de servizos sociais?: a) axuda a domicilio; b) televendedor; c) comedores escolares.

- 2ª. Á hora de realizar un autoanálisis, o coñecemento das actitudes e habilidades persoais é parte do perfil: a) Persoal e profesional; b) Específico do posto de traballo; c) Actitudinal e de habilidades persoais.

- 3ª. O obxecto dun contrato de traballo é: a) Que debe asinarse sen engano nin fraude algún; b) Que se asina para realizar unha actividade legal e posible; c) Que se cede o traballo a cambio dunha retribución.

- 4ª. Emprender é: a) Crear unha empresa; b) Levar á acción unha idea; c) Dirixir unha empresa.

- 5ª. A relación entre emprendemento e sociedade é: a) Que a idea é útil, xerando valor para a sociedade; b) Que a idea produce

beneficios económicos; c) Que a idea materialízase nunha empresa, ofrecendo produtos e/ou servizos

- 6ª. As tendencias sociais son unha fonte de xeración de ideas que teñen que ver con: a) a creatividade; b) a innovación; c) os hábitos e os comportamentos das persoas.

- 7ª. A cota de mercado permítenos coñecer: a) os hábitos de compra do consumidor; b) o tipo de competencia ao que nos enfrontamos; c) a dimensión do mercado no que nos atopamos.

- 8ª. A fase do ciclo de vida do produto na que este queda obsoleto é: a) o crecemento; b) a madurez; c) o declive.

- 9ª. Unha cooperativa ten: a) personalidade física; b) personalidade xurídica; c) personalidade cooperativa.

- 10ª. O empresario individual: a) tributa en función do volume de vendas, podéndose ver prexudicado si ten grandes beneficios; b) ten que inscribir a empresa no Rexistro Mercantil; c) necesita un mínimo de 3.000 euros como capital social.

- 11ª. Unha sociedade limitada ten: a) un mínimo de capital social, que ascende a 60.000 euros; b) responsabilidade limitada; c) responsabilidade ilimitada.

- 12ª. Alugar un equipo durante un tempo pagando unha cota a cambio de poder utilizalo é: a) un préstamo; b) un leasing; c) un renting.

- 13ª. Tareixa fixo unha imposición a prazo fixo de 5.000 euros. Se o tipo de interese aplicable é do 10%, o primeiro ano cobrará de intereses: a) 1.000 euros; b) 1.500 euros; c) 500 euros.

- 14ª. En xeral, o financiamento acadado por un emprendedor mediante a achega dunha persoa que confía no seu proxecto coñécese como: a) crowdfunding; b) playfunding; c) business angel.

Excepcionalmente, as capacidades, necesidades, aptitudes e realidades de certo alumnado farán que se realicen outro tipo de probas (exercicios, tarefas e traballos) que deberán ser entregados por escrito na data de realización da proba extraordinaria de setembro. Estes traballos complementarios suporán ata un 30% da nota. Nestes casos excepcionais, a proba escrita suporá ata un 70% da cualificación final e será necesario que o alumnado acade un mínimo de 3,5 nela para sumarlle a nota dos traballos complementarios.

## 8.- Metodoloxía

Unha metodoloxía didáctica é un conxunto de estratexias, procedimentos e accions organizadas e planificadas polo profesorado, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxetivos establecidos. Na materia *Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial* de 4º de ESO preténdese achegar o mundo empresarial ao alumnado a través de distintas actividades, actuando o profesor como mediador entre a realidade coñecida polo alumnado e a empresarial. Este proceso de ensinanza e aprendizaxe alicérzase nos seguintes principios básicos:

- Fomentar a capacidade para a toma de decisións, as habilidades comunicativas e a autonomía do alumnado, a través do traballo en equipo, as simulacións e as dinámicas de grupo.
- Propiciar a adquisición por parte do alumnado de habilidades sociais básicas para a súa futura inserción no mundo laboral como empresario ou traballador por conta allea.
- Facilitar a asimilación dos novos conceptos dende un enfoque globalizado que permita integrar o desenvolvemento do espírito emprendedor con outras áreas de coñecemento.
- Estimular a autoconfianza, a motivacion polo logro, a iniciativa personal e a capacidade para comprender e asumir riscos aceptables como paso ineludible para a consecución de obxectivos emprendedores.
- Integrar as tecnoloxías da informacion e da comunicación como ferramenta do proceso de ensinanza e aprendizaxe, a través da utilización de materiais multimedia e aplicacións interactivas como medio de comunicación.
- Propiciar situacións de aprendizaxe motivadoras e funcionais que teñan sentido e significado para o alumnado, favorecendo así a actualización autónoma dos seus coñecementos.
- Tratar de forma globalizada e integrada os distintos contidos, organizándoos de forma ordenada e lóxica, para que o alumnado poida establecer relacións significativas.
- Integrar a teoría e a práctica, fomentando un clima de cooperación nos equipos de traballo que favoreza a relativización dos puntos de vista persoais, o incremento das arelas e do rendemento académico dos grupos, e o proceso de socialización das persoas que os

forman.

## 9.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O profesor encargado da materia coordinado coa xefatura do departamento didáctico explicará ao alumnado de 1º Bach. que teña pendente esta materia as actividades formativas que deben realizar durante cada trimestre para superala. En caso de non presentar esas actividades en debido tempo e forma demostrarán uns coñecementos mínimos nunha proba escrita a finais do terceiro trimestre do curso.

## 10.- Medidas de atención a diversidade.

Contémplanse un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Concretamente, deseñamos as seguintes medidas de reforzo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados:

- Facer un seguimento individualizado do alumnado para detectar posibles carencias que non lle permitan seguir as explicacións teóricas que se fan na clase.
- Realizar un maior número de exercicios naquelas partes da materia que ofrezan maior dificultade.
- Os grupos estarán formados por alumnado o máis heteroxéneo posible co fin de que entre eles/as se apoien e complementen nas dificultades que podan xurdir. Ademais farase un seguimento constante do desenvolvemento das actividades realizadas por cada alumno/a e naqueles casos que se considere oportuno poderá variarse o tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.
- Actividades de ampliación e reforzo**:** as actividades de simulación plantexaranse tendo en conta os distintos ritmos de aprendizaxe dos/as alumnos/as. Así, para aqueles alumnos con problemas na adquisición de aprendizaxes esenciais, simplificaránselle as tarefas a

desenvolver en cada parte dos proxectos de aprendizaxe servizo, facilitándolle esquemas máis básicos que conteñan só os puntos máis importantes do Proxecto.

- En canto aos alumnos que queren e teñen as capacidades de profundizar máis nos coñecementos, facilitaráselle máis material e fontes de información para que profundicen máis en cada apartado do Plan e proporanse exercicios de redacción de informes a partir de visitas a empresas.

## 11.-Actividades extraescolares e complementarias.

Deseñamos un ábano variado e flexible de actividades para achegar ao alumnado á realidade económica e social abordada nesta programación didáctica co obxectivo último de favorecer o desenvolvemento de actitudes de compromiso con modelos de desenvolvemento económico sustentable en termos económicos, sociais e medioambientais. A tal efecto, proporemos ao alumnado´:

- A realización de visitas a empresas da contorna que estén desenvolvendo proxectos innovadores como Conservas Sotavento en Nebra, Ornanda en Miñortos, Estivada Ecuestre en Outes ou Arrexó en Rois.
- A asistencia a exposicións e conferencias organizadas en Noia, Ribeira ou en Santiago de Compostela.

## 12. - Materiais e recursos didácticos:

- Libro do alumnado: *Iniciación á actividade emprendedora e empresarial*, 4º ESO, Editorial Santillana.
- Guías para a elaboración do plan de empresa, fichas, esquemas, etc, achegados polo profesorado.
- Publicacións do Instituto Galego de Estatística: Galicia en cifras.
- Guías de Actividade Empresarial do BIC Galicia- IGAPE
- Informes do INEM.
- Artigos de xornais e revistas especializadas en formato papel ou dixital.
- Materiais audiovisuais: secuencias de películas documentais e argumentais, vídeos nas canles Youtube e Vimeo, etc.
- Utilización de medios ofimáticos (follas de cálculo, procesadores de texto, xeneradores de gráfica, etc.).

- Aplicacións informáticas para simular a creación de empresas (IGAPE, BIC GALICIA).

- Sitios na Rede da Axencia Europea de Ambiente (www.eea.eu.int), Cámaras de Comercio (www.camerdata.es), Rexistro Mercantil (www.rmc.es), Axencia Tributaria (www.aeat.es), Dirección Xeral de Política de Peme. Constitución de sociedades (www.circe.es), Centro de Investigacións Sociolóxicas (www.cis.es) polas enquisas sobre percepcións dos consumidores, empresas relevantes no seu sector (www.cocacola.es, www.zara.es), Instituto Nacional de Crédito (www.ico.es), base de datos sobre axudas e subvencións Dirección Xeral de Política de Peme (www.ipyme.org), Seguridade Social (www.seg-social.es), tipos de contratos de traballo e Estatuto dos Traballadores no Servizo Público de Emprego Estatal (www.inem.es), Iniciativas para promover o emprego da muller no Instituto da Muller (www.mtas.es/mujer), Programa de Novas Tecnoloxías do Ministerio de Educación (www.pntic.mec.es), sitios de procura de emprego (www.laboris.net), información sobre creación de empresas en Desarrollo Empresarial S.L. (www.creaciondempresas.com), trámites on-line para constituir sociedades (www.constituciondesociedades.com), portal do emprendedor innovador de La Caixa (www.emprendedorXXI.es), sitio dedicado aos emprendedores pola Xunta de Castela e León (www.aprendeaemprender.com).

- Os fondos bibliográficos da biblioteca do IES de Porto do Son para a actualización do profesor encargado da materia.

## 13.- Avaliación da práctica docente:

Queremos avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a propia práctica docente, a través dos Estándares de Aprendizaxe que concretan os Criterios de Avaliación do Currículo da materia (que debe saber o alumnado?) e permiten definir os resultados desas aprendizaxes. Os ditos Estándares valóranse a partir dos indicadores de logro que permiten avaliar en catro niveis as aprendizaxes consolidadas polo alumnado respecto dos obxectivos marcados en cada Estándar.

Este sistema facilita a avaliación dos resultados das estratexias e recursos educativos aplicados polo docente na súa práctica educativa para fomentar que o alumnado acade os obxectivos establecidos en cada Estándar de aprendizaxe. Esta avaliación das prácticas docentes e recursos aplicados na aula será continua para adaptalos ás necesidades específicas de cada grupo-aula e, na medida do posible, de cada alumna/o.

Os indicadores de logro da práctica docente deben valorar:

- O cumprimento da planificación: realización de actividades programadas, temporalización, obxectivos definidos e accións deseñadas para acadalos.
- O posible logro doutras obxectivos distintos aos planificados na programación.
- A progresión nas liñas definidas nos obxectivos.
- A satisfacción dos implicados no proceso de ensino e aprendizaxe cos resultados acadados.

Dentro do proceso de ensinanza e aprendizaxe, o equipo docente de cada grupo de alumnos celebrará sesións de avaliación para valorar tanto as aprendizaxes do alumnado, como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente. Unha rúbrica que valore os seguintes indicadores de logro é unha ferramenta auxiliar util para reflexionar sobre a mellora desta como cerna nos procesos de aprendizaxe:

| **Indicadores de logro do proceso de ensino** | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado | | | | |
| 2. Conseguiuse crear o interese que favoreceu a aprendizaxe | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a aplicación e transferencia do coñecemento | | | | |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado | | | | |
| 5. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE | | | | |
| 6. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado | | | | |
| 7. Usáronse distintos instrumentos de avaliación | | | | |
| 8. Correspondeuse o traballo do alumnado dentro do grupo coa avaliación obxectiva da materia | | | | |
| 9. A avaliación foi obxectiva | | | | |
| 10. A asistencia e compromiso coa materia foi a adecuada | | | | |

Finalmente, contaremos coa valoración do propio alumnado que recheará un cuestionario anónimo de avaliación das actividades de ensino e aprendizaxe que entregará por separado en cada proba escrita de avaliación. Servirannos para avaliar a práctica docente nos seguintes aspectos.

| **Indicadores de logro da práctica docente** | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura | | | | |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita | | | | |
| 9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe | | | | |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar | | | | |
| 11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc | | | | |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección | | | | |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros | | | | |
| 14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación | | | | |
| 15. Os materiais son axeitados as capacidades do alumnado e aos contidos da materia | | | | |
| 16. Os cuestionarios son adecuados a cada bloque temático | | | | |
| 17. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación | | | | |

Número de veces que se repite cada competencia Clave nesta programación didáctica

<table>
<tr><td>CSC</td><td>Competencias sociais e cívicas</td><td>7</td></tr>
<tr><td>CAA</td><td>Competencia para aprender a aprender</td><td>13</td></tr>
<tr><td>CCL</td><td>Competencia en comunicación linguística</td><td>6</td></tr>
<tr><td>CMCCT</td><td rowspan="2">Competencia matemática e competencias básicas en Ciencias e Tecnoloxía<br>abrangue a Competencia Dixital</td><td>21</td></tr>
<tr><td>CD</td><td>15</td></tr>
<tr><td>CSIEE</td><td>Competencia en sentido da iniciativa e espíritu emprendedor.</td><td>24</td></tr>
</table>

# Economía da empresa (2º Bacharelato)

## 4)CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COS REPECTIVOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE E CONCRECIÓN DO GRADO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.

| ***Contidos*** | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave | Grado mínimo de consecución |
|---|---|---|---|---|
| | | | | |
| ***Bloque 1. A empresa*** | | | | |
| ***B1.1. A empresa e o/a empresario/a.***<br>***B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.***<br>***B1.3. Clases de empresas.***<br>***B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial.*** | B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital. | EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo. | CD<br>CMCCT<br>CSIE | 100% |
| | | EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | CD<br>CMCCT | 100% |
| | | EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado. | CAA<br>CD<br>CMCCT | 100% |
| | | EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema. | CCL<br>CSIEE | 100% |
| ***B1.5. Contorno da empresa.***<br>***B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa.***<br>***B1.7. Funcionamento e creación de valor.*** | B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións adoptadas, e as | EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo | CD<br>CMCCT<br>CSC<br>CSIEE | 70% |

5)

ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE ASOCIADAS A CADA BLOQUE DE CONTIDOS COA TEMPORALIZACIÓN.

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | |
|---|---|---|
| Obxectivos | Bloque/Contidos | Actividades |
| | Bloque 1. A empresa | |
| a<br>d<br>i<br>l<br>m | B1.1. A empresa e o/a empresario/a.<br>B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.<br>B1.3. Clases de empresas.<br>B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial. | .Ela borar un esquema que aborde as características dunha empresa.<br>. Elaborar un cadro cas distintas clases de empresas.<br>.Resolver supostos nos que se plantexa cal é a forma xurídica idónea dun proxecto empresarial. |
| a<br>d<br>h<br>i<br>l<br>m<br>p | B1.5. Contorno da empresa.<br>B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa.<br>B1.7. Funcionamento e creación de valor. | . Diseñar e expoñer nuha presentación a facturación, plantilla, activos e presencia na sociedade dalgunha empresa do seu entorno.<br>. Confeccionar un mapa de Galicia nas que aparezcan as empresas máis importantes, resaltando as de carácter multinacional. |
| | Bloque 2. Desenvolvemento da empresa | |
| d<br>i<br>l<br>m | B2.1. Localización e dimensión empresarial.<br>B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo.<br>B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado.<br>B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na | .Elaborar un mapa ca ubicación de varios negocios comerciais diferentes dunha cidade importante de Galicia.<br>. Analizar as estratexias de crecemento dunha multinacional galega.<br>.Analizar a importancia das PYMES na economía do país. |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | |
|---|---|---|
| Obxectivos | Bloque/Contidos | Actividades |
| | economía.<br>B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía.<br>B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento. | .Elaborar un esquema coas principais multinacionais do mundo.<br>Realizar unha presentación dixital sobre como as TIC melloran a eficiencia de xestión dunha empresa. |
| | Bloque 3. Organización e dirección da empresa | |
| d<br>i<br>l<br>m<br>p | B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado actual.<br>B3.2. Funcións básicas da dirección.<br>B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas.<br>B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura.<br>B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.<br>B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación. | .Confeccionar un organigrama que reflicte a estructura do teu centro educativo.<br>.Elaborar un esquema cas funcións básicas da dirección dunha empresa.<br>. Elaborar exemplos da organización formal e informal do teu centro educativo.<br>. Elaborar unha tabla que recolla as vantaxes e inconvintes do reclutamento interno e externo do personal duna empresa<br>.Facer un esquema cos distintos contratos de traballo que hai en España.<br>.Viitar páxinas web corporaticas de empresas coñecidas, como Repsol ou Inditex, e  bucar a sección de empleo e ver que postos solicitan. |
| | Bloque 4. A función produtiva | |
| a | B4.1. Produción e proceso | .Resolver exercicios de cálculo da |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | |
|---|---|---|
| Obxectivos | Bloque/Contidos | Actividades |
| i<br>l<br>m | produtivo.<br>B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia<br>B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial. | productividade dun factor, productividade global e taxa de variación da produtividade.<br>.Analizar exemplos de fabricación dun mismo produto por métodos diferentes.<br>.Buscar información sobre o departamento de I+D+i dunha gran empresa do teu entorno.<br>.Facer unha lista dos custos que conleva ter un coche durante un ano e clasificaos en fixos e variables sin necesidade de cuantificarlos. |
| i<br>l<br>m | B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.<br>B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa. | .Analizar exercicios de punto morto e representaos gráficamente. |
| i<br>l<br>m | B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios. | .Resolver exercicos de cálculo de volumen óptimo de pedido (modelo de Wilson)<br>.Elaborar exercicios de caçálculo de valoración de existencias `polos métodos PMP e FIFO. |
| | Bloque 5. A función comercial da empresa | |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | |
|---|---|---|
| Obxectivos | Bloque/Contidos | Actividades |
| d<br>h<br>i<br>l<br>m | B5.1. Departamento comercial da empresa<br>B5.2. Concepto e clases de mercado.<br>B5.3. Técnicas de investigación de mercados.<br>B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados.<br>B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias.<br>B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial.<br>B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing. | .Elaborar un cadro atendendo o número de competidors.<br>.Facer un estudio de mercado na tua localidade para ver que tipos de produto terían máis éxito.<br>.Elabor un cadro de hábitos de consumo na tua localidade.<br>.Facer un cadro cunha serie de produtos e ver que medios de comunicación consideras máis adecuados para publicitarlos. |
| | Bloque 6. A información na empresa | |
| d<br>g<br>h<br>i<br>l<br>m | B6.1. Obrigas contables da empresa.<br>B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración.<br>B6.3. Resultados da empresa.<br>B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel.<br>B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.<br>B6.6. Análise e interpretación da información contable. | . Visitar a páxina web dunha gran empresa e analizar o balance de situación da mesma.<br>.Elaborar o balance de situación dunha empresa a patir dos ditintos elementos patrimoniais da mesma.<br>.Analizar a partir do balance anterior a estrutura económica-financieira desa empresa.<br>. Elaborar unha conta de perdas e ganancias a partir dos ingresos e gastos dunha hipotética empresa o longo dun exercicio fiscal. |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | |
|---|---|---|
| Obxectivos | Bloque/Contidos | Actividades |
| | | |
| a<br>c<br>d<br>h<br>i<br>l<br>m | B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento. | .Facer un cadro cos impostos que afectan as empresas. |
| | Bloque 7. A función financeira | |
| d<br>g<br>i<br>l<br>m | B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa.<br>B7.2. Concepto e clases de investimento.<br>B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento.<br>B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.<br>B7.5. Ciclos da empresa.<br>B7.6. Período medio de maduración. | .Facer un esquema cos distintos tipos de investimento das empresas.<br>.Analizar exemplos de distintos tipos de selección de investimentos: estáticos e dinámicos.<br>.Elaborar un cadro cas distintas fontes de financiamento dunha empresa.<br>. Estudiar e analizar unha forma de finnciamento dunha empresa: a ampliación de capital dunha empresa na actualidade.<br>.Resolver exercicios do período medio de maduración económico e financieiro e seus distintos subperíodos. |

| | Economía da Empresa. 2º de bacharelato | |
|---|---|---|
| Obxectivos | Bloque/Contidos | Actividades |
| | | |

TEMPORALIZACIÓN:
- PRIMEIRA AVALIACIÓN:  BLOQUES 1, 2 e 3.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: BLOQUES 4e 5.
-TERCEIRA AVALIACIÓN: BLOQUES 6 e 7.

## 6) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE.

| Bloque 1: A EMPRESA | | |
|---|---|---|
| Bloque/Estánadres de aprendizaxe | Instrumento de avaliación | Probas a realizar. |
| EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das em- presas e relaciónaas coas esixencias de ca - pital e coas responsabilidades para cada tipo. | B1.1.1.1. Diferencia a responsabilidade limitada e a responsabilidade ilimitada.<br><br>B1.1.1.2. Compara e contrasta as características das sociedades anónimas e limitadas. B1.1.1.3. Identifica as características básicas das sociedades laborais e as cooperativas. B1.1.1.4. Completa unha táboa de características | Proba escrita |
| EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en fun - ción das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas. | B1.1.2.1. Resolve supostos nos que se expón cal é a forma xurídica idónea dun proxecto empresarial dadas unha serie de características en canto a capital, número de socios, responsabilidade, etc. | Proba escrita |
| EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empre- sas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter [illegible] | B1.1.3.1. Enumera e clasifica diferentes empresas da súa contorna de acordo cos tipos e criterios analizados na unidade. | Proba escrita |
| EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e [illegible] | B1.1.4.1. Recoñece os distintos elementos, funcións e obxectivos do seu propio centro educativo e dalgunha empresa da súa contorna. | Proba escrita |

| | | |
|---|---|---|
| EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan na súa contorna, así como a forma de interrelacionar coa súa contorna máis próxima. | B1.2.1.1. Deseña e expón unha presentación sobre a facturación, persoal, activos e presenza na sociedade dunha empresa da súa contorna.<br><br>B1.2.1.2. Confecciona un mapa da súa comunidade autónoma na que aparezan as empresas máis importantes, resaltando as que teñan carácter multinacional.<br>B1.2.1.3. Clasifica os factores da contorna xeral e específica dunha empresa concreta.<br>B1.2.1.4. Realiza unha análise PEST dun país estranxeiro no que decide introducirse unha empresa de fabricación de computadores ou unha empresa de alimentación.<br><br>B1.2.1.5. Realiza unha análise DAFO dunha empresa coñecida e do seu centro educativo. | Traballo en grupo |
| EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedad e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental | B1.2.2.1. Describe que é a RSE e enumera actuacións concretas de RSE. B1.2.2.2. Identifica cales son os grupos de interese dunha empresa.<br>B1.2.2.3. Describe as externalidades positivas e negativas da produción. | Traballo en grupo. |
| EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso, esti- mando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía | B1.2.3.1. Define que é unha empresa, un emprendedor e un intraemprendedor. B1.2.3.2. Destaca as calidades dun emprendedor e o seu papel na sociedade. B1.2.3.3. Explica as distintas teorías sobre a figura do empresario. | Traballo en grupo. |

| Bloque 2: DESENVOLVEMENTO DA EMPRESA | | |
|---|---|---|
| Bloque/Estándares de aprendizaxe | Instrumento de | Probas a realizar. |
| EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións. | B2.1.1.1. Analiza e xustifica a localización do seu centro educativo.<br><br>B2.1.1.2. Decide a localización idónea de varios negocios comerciais diferentes.<br>B2.1.1.3. Describe os factores que condicionan a localización dunha industria.<br>B2.1.1.4. Determina o tamaño de varias empresas atendendo a diferentes | Traballo individuañl |
| EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa. | B2.1.2.1. Representa gráficamente as economías de escala.<br>B2.1.2.2. Identifica as causas principais da aparición de economías de escala.<br>B2.1.2.3. Valora o crecemento de unha empresa multinacional española. | Proba escrita |
| EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación. | B2.1.3.1. Representa gráficamente a matriz de Ansoff.<br><br>B2.1.3.2. Identifica e xustifica as estratexias de crecemento dunha empresa do sector lácteo. B2.1.3.3. Asocia as distintas estratexias de expansión e diversificación a exemplos concretos. | Proba escrita |
| EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos. | B2.1.4.1. Realiza unha presentación sobre unha franquía e expón as características e requisitos aos seus compañeiros.<br><br>B2.1.4.2. Localiza en internet diferentes casos reais de empresas e vincúlanos coas estratexias de crecemento que levaron a cabo. | Traballo individual |

| | | |
|---|---|---|
| EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e inconvenientes. | B2.1.5.1. Analiza o último informe do Directorio Central de Empresas españolas (DIRCE) sobre o papel das PEMES e extrae a información máis relevante.<br><br>B2.1.5.2. Identifica as principais vantaxes e inconvenientes das PEMES e enumera solucións para asegurar a súa supervivencia. | Traballo individual |
| EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental. | B2.1.6.1. Describe que é unha empresa multinacional a partir dun caso concreto e analiza a estratexia de desenvolvemento que levou a cabo.<br><br>B2.1.6.2. Identifica as principais vantaxes e inconvenientes das multinacionais nos países receptores e cita exemplos concretos de prácticas positivas e negativas. | Proba escrita |
| EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de forma global. | B2.1.7.1. Analiza a Enquisa sobre o uso de TIC e comercio electrónico nas empresas españolas e extrae os elementos máis importantes.<br><br>B2.1.7.2. Realiza unha presentación dixital sobre como o TIC melloran a eficiencia da xestión empresarial. | Exposición individual |
| **Bloque 3: ORGANIZACIÓN E DIRECCIÓN DA EMPRESA** | | |
| Bloque/Estándares de aprendizaxe | Instrumento de avaliación | Probas a realizar. |
| EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais. | B3.1.1.1. Recoñece a importancia da división do traballo a partir do exemplo de Adam Smith. B3.1.1.2. Identifica o catro funciones da dirección da empresa. | Proba escrita |
| EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa. | B3.1.2.1. Coñece as achegas de Taylor, Fayol e Maio.<br>B3.1.2.2. Diferenza mediante exemplos a organización formal e informal.<br>B3.1.2.3. Debuxa a organigrama do seu centro educativo e dalgunha organización coñecida.<br>B3.1.2.4. Dada unha organización concreta, identifica a súa estrutura organizativa, o estilo | Proba escrita |
| EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administra- tiva), así como os seus interrelacions. | B3.1.3.1. Asocia cada unha das operacións realizadas por unha empresa coa área funcional á que pertencen.<br>B3.1.3.2. Describe que pasaría si faltase algunha das áreas funcionais da empresa. | Proba escrita |
| EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora. | B3.1.4.1. Analiza a estrutura organizativa do seu centro educativo e da empresa na que traballe algún parente próximo.<br>B3.1.4.2. Identifica as principais características dun estilo de dirección autoritario fronte a un de estilo democrático.<br>B3.1.4.3. Analiza e describe algún caso de conflito empresarial que poña de manifesto problemas relacionados coa organización e a dirección, por exemplo a cadea de suicidios en France Telecom. | Proba escrita |
| EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras. | | Proba escrita |

| | | |
|---|---|---|
| EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade. | B3.1.6.1. Secuencia de maneira correcta as funcións do departamento de RR.HH. B3.1.6.2. Identifica as principais teorías sobre a motivación.<br>B3.1.6.3. Enumera algúns dereitos e deberes dos traballadores.<br>B3.1.6.4. Identifica o tipo de contrato de traballo idóneo para determinadas circunstancias de necesidade de persoal dunha empresa.<br>B3.1.6.5. Enumera medidas de conciliación da vida laboral e familiar.<br>B3.1.6.6. Identifica o tipo de despedimento que se corresponde cunha serie de conflitos laborais extraídos de noticias de prensa.<br>B3.1.6.7. Recoñece os órganos de representación dos traballadores nas empresas.<br>B3.1.6.8. Diferencia as vías pacíficas de resolución de conflitos laborais en as empresas.<br>B3.1.6.9. Clasifica diversas situacións laborais coa suspensión ou extinción dun contrato de traballo. | Probas ecritas e orais |

| **Bloque 4: A FUNCIÓN PRODUTIVA** | | |
|---|---|---|
| Bloque/Estándares de aprendizaxe | Instrumento de avaliación | Probas a realizar. |
| EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, e coñece medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa. | B4.1.1.1. Resolve exercicios de cálculo da produtividade dun factor, produtividade global e taxa de variación da produtividade.<br><br>B4.1.1.2. Propón medidas concretas para mellorar a produtividade dunha empresa. | Probas escritas e orais |
| EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/da traba- jadores/as. | B4.1.2.1. Diferencia as teorías sobre produtividade e salarios (tradicional/salarios de eficiencia).<br><br>B4.1.2.2. Demostra mediante un suposto numérico simple como o aumento de produtividade pode permitir un aumento de salarios sen aumentar os custos de produción. | Probas escritas e orais |
| EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e a innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento. | B4.1.3.1. Identifica os sistemas de produción de diferentes produtos.<br>B4.1.3.2. Representa e describe o proceso secuencial da innovación.<br>B4.1.3.3. Investiga e asimila o significado do novo concepto de industria 4.0. | Probas ecritas e orais |
| EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o beneficio ou a perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e inter- preta os resultados. | B4.2.1.1. Resolve exercicios sinxelos de cálculo do beneficio ou perda da empresa a partir dos seus ingresos e custos.<br>B4.2.1.2. Identifica a operativa das empresas denominadas "de baixo custo ou low cost". | Probas ecritas e orais |
| EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos gráficamente. | B4.2.2.1. Resolve exercicios de cálculo de custos fixos, variables, medios, marxinais, ingresos e beneficios e represéntaos gráficamente.<br><br>B4.2.2.2. Explica a relación entre os custos medios e os custos marxinais. | Probas ecritas e oraisT |
| EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de renda- bilidad) necesario para a supervivencia da empresa. | B4.2.3.1. Resolve exercicios de cálculo do punto morto, represéntao gráficamente e interpreta o seu significado.<br><br>B4.2.3.2. Resolve exercicios de cálculo do limiar de produción (producir ou comprar), | Probas ecritas e orais |

| | | |
|---|---|---|
| EEB4.2.4. Analiza os métodos de análises custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións. | B4.2.4.1. Diferenza e valora desde un punto de vista ético si é sempre aplicable o método da análise custo-beneficio fronte ao método de análise custo-eficacia. | Probas ecritas e orais |
| EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o ao- macén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario. | B4.3.1.1. Identifica os custos de almacén dunha xoiaría ou outro negocio e explica como se aplicaría o modelo ABC de xestión de inventarios. | Probas escritas e orais |
| EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén me- diante diferentes métodos. | B4.3.2.1. Resolve exercicios de cálculo do valor das existencias mediante FIFO e PMP.<br>B4.3.2.1. Explica as consecuencias da aplicación os métodos de valoración de existencias. | Probas ecritas e orais |
| EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de in- ventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa. | B4.3.3.1. Explica as características e vantaxes do sistema JIT de xestión de inventarios. | Probas ecritas e orais |

| Bloque 5: A FUNCIÓN COMERCIAL DA EMPRESA | | |
|---|---|---|
| Bloque/Estándares de aprendizaxe | Instrumento de avaliación | Probas a realizar. |
| EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o nú- mero de competidores e o produto | B5.1.1.1. Clasifica un mercado atendendo ao número de competidores, as características dos compradores, os adquirentes do produto e as posibilidades de expansión. | Probas escritas e orais |
| EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de mercadotecnia. | B5.1.2.1. Identifica o catro políticas da mercadotecnia mix.<br>B5.1.2.2. Recoñece as distintas estratexias de produto, prezo, distribución e comunicación que pode levar unha empresa para un produto concreto atendendo á fase do ciclo na que se atopa e recomenda as que se consideran máis adecuadas. | Probas escritas e orais |
| EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de mar- keting, incorporando nesa valoración | B5.1.3.1. Identifica mediante exemplos, prácticas de mercadotecnia non ética e analiza as súas consecuen- cias sociais e ambientais.<br><br>B5.1.3.2. Localiza en internet e expón ao resto de compañeiros campañas de | Probas escritas e orais |
| EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados. | B5.1.4.1. Elabora colaborativamente unha enquisa sobre hábitos de consumo de telefonía móbil dos seus compañeiros de bacharelato e confecciona un informe de conclusións.<br><br>B5.1.4.2. Diferenza claramente o que son fontes de información primarias e fontes de | Traballo en grupo |
| EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmen- tación de mercados en casos prácticos. | B5.1.5.1. Determina razonadamente cales son os segmentos aos que se dirixen toda unha serie de produtos de consumo e verifica as estratexias de segmentación levadas a cabo. | Traballo en grupo |
| EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación da mercadotecnia que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación. | B5.1.6.1. Realiza e expón unha presentación sobre os novos formatos da mercadotecnia dixital.<br><br>B5.1.6.2. Identifica os tipos de transaccións e as vantaxes e inconvenientes do comercio | Traballo en grupo |

| | | |
|---|---|---|
| EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionaamento do departamento comercial da empresa. | B5.1.7.1. Define mercadotecnia e diferénciao da publicidade e as vendas.<br><br>B5.1.7.2. Detalla as fases dun plan de mercadotecnia e diferencia a mercadotecnia estratéxica e a mercadotecnia operativa. | Traballo en grupo |
| EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientea en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa. | B5.1.8.1. Diferencia o que é un consumidor, un comprador e un prescriptor.<br>B5.1.8.2. Describe as fases da toma de decisións dun consumidor e os factores que inflúen no seu comportamento. | Traballo en grupo |
| **Bloque 6: A INFORMACIÓN NA EMPRESA** | | |
| Bloque/Estándares de aprendizaxe | Instrumento de avaliación | Probas a realizar. |
| EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función asignada. | B6.1.1.1. Clasifica unha relación de elementos do patrimonio dunha empresa atendendo a si son bens, dereitos ou obrigacións. | Probas escritas e orais |
| EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigacións da empresa en masas patrimoniais. | B6.1.2.1. Elabora un balance de situación agrupando as contas en masas patrimoniais e determina o capital social da empresa. | Probas escritas e orais |
| EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento. | B6.1.3.1. Aplica a ecuación fundamental do patrimonio para calcular o patrimonio neto e o capital da empresa. | Probas escritas e orais |
| EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, solvencia e apalancamiento da empresa, mediante o uso | B6.1.4.1. Calcula o fondo de manobra dunha empresa e determina a súa situación patrimonial. B6.1.4.2. Calcula a partir dun balance diversos cocientes financeiros e | Probas escritas e orais |
| EEB6.1.5. Propón medidas correctoras adecuadás no caso de detectar desaxustes patrimoniales ou financeiros. | B6.1.5.1. Propón medidas que tenten restaurar o equilibrio financeiro e patrimonial dunha empresa a partir da análise dos seus estados contables. | Probas escritas e orais |
| EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedimientos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais. | B6.1.6.1. Explica e valora o procedemento concursal como recurso para solucionar problemas de insolvencia empresarial. | Probas escritas e orais |
| EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro | B6.1.7.1. Diferenza e ejemplifica unha suspensión de pagos e unha quebra empresarial. | Probas escritas e orais |
| EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións. | B6.1.8.1. Explica o obxectivo da contabilidade e a utilidade para os seus principais usuarios. B6.1.8.2. Identifica as contas anuais da empresa e explica que é unha auditoría contable. B6.1.8.3. Enumera os libros contables obrigatorios e o seu contido | Probas escritas e orais |
| EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio econó- mico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables. | B6.1.9.1. Resolve supostos nos que debe calcular o resultado de explotación, o resultado financeiro e o resultado antes e despois de impostos dunha empresa. | Probas escritas e orais |
| EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os ele- mentos do resultado da empresa. | B6.1.10.1. Diferencia os ingresos e os gastos e clasifícaos nos distintos tipos de resultados | |
| EEB6.2.1. Identifica as obrigacións fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan. | B6.2.1.1. Diferencia os impostos do empresario individual dos do empresario societario.<br>B6.2.1.2. Clasifica aos impostos que recaen sobre as empresas en directos, indirectos, reais, | Probas escritas e orais |

| | | |
|---|---|---|
| EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as súas principais | B6.2.2.1. Identifica o suxeito activo, suxeito pasivo, feito impoñible, base impoñible e tipo impositivo do tres principais impostos que recaen sobre as empresas. | Probas escritas e orais |
| EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que sopor- tan as empresas. | B6.2.3.1. Elabora unha presentación con información estatística sobre a achega fiscal das | Traballo individual |

| Bloque 7: A FUNCIÓN FINANCEIRA | | |
|---|---|---|
| Bloque/Estándares de aprendizaxe | Instrumento de avaliación | Probas a realizar. |
| EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos está- ticos (prazo de recuperación) e dinámicos (crite- rio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos. | EEB7.1.1.1. Diferencia as distintas clases de investimentos a partir de exemplos expostos.<br><br>EEB7.1.1.2. Diferencia os métodos estáticos de selección de investimentos e os métodos dinámicos de selección de investimentos.<br>EEB7.1.1.3. Compara o valor do diñeiro no tempo mediante operacións de capitalización e | Probas escritas e orais |
| EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de recu- peración) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha | EEB7.1.2.1. Resolve exercicios de selección de investimentos mediante o método do prazo de recuperación e o fluxo neto total.<br><br>EEB7.1.2.2. Resolve exercicios de selección de investimentos mediante o método do valor | Probas escritas e orais |
| EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando a externa e a interna, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na mar- cha da empresa. | EEB7.1.3.1. Confecciona un esquema das fontes de financiamento da empresa atendendo á súa propiedade, duración e procedencia.<br>EEB7.1.3.2. Identifica o custo asociado ás principais fontes de financiamento da empresa. | Probas escritas e orais |
| EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización. | EEB7.1.4.1. Resolve supostos de cálculo do valor nominal e valor teórico dunha acción.<br>EEB7.1.4.2. Diferencia o que é un préstamo e un crédito.<br><br>EEB7.1.4.3. Describe os diferentes métodos de amortización financeira de préstamos. | Probas escritas e orais |
| EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha nece- sidad concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro. | EEB7.1.5.1. Valora as consecuencias dunha ampliación de capital para os antigos accionistas.<br><br>EEB7.1.5.2. Resolve supostos de ampliación de capital nos que determina a proporción de capital, as opcións do accionista e o valor do dereito de subscrición. | Probas escritas e orais |
| EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa. | EEB7.1.6.1. Resolve exercicios sinxelos de cálculo da amortización contable.<br>EEB7.1.6.2. Destaca as vantaxes e os inconvenientes da autofinanciación. | Probas escritas e orais |
| EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financie- niveis que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira. | EEB7.1.7.1. Determina cal é a fonte de financiamento idóneo atendendo a distintas | Probas escritas e orais |
| EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos. | EEB7.1.8.1. Calcula o VAN e a TIR dun investimento mediante a utilización das funcións VNA E TIR da folla de cálculo Excel.<br><br>EEB7.1.8.2. Realiza distintas simulacións de amortización de préstamos mediante aplicacións | Probas escritas e orais |

| | | |
|---|---|---|
| EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos de activi- dade da empresa e as súas fases. | EEB7.1.9.1.Describe o ciclo a curto prazo ou ciclo de explotación e o ciclo a longo prazo ou ciclo de capital dunha empresa comercial e dunha empresa industrial. | Probas escritas e orais |
| EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da em- presa, e distingue as súas fases. | EEB7.1.10.1. Resolve exercicios de cálculo do período medio de maduración económico e financeiro e os seus distintos subperíodos. | Probas escritas e orais |

## 7) CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

A avaliación debe proporcionar información tanto o profesorado como ao alumnado sobre o proceso de aprendizaxe, e debe, ao mesmo tempo, servir de base para levar adiante iniciativas para modificar ou mellorar o propio proceso de ensinanza e aprendizaxe. A avaliación non é unacto illado ao final dunha unidade didáctica ou do curso, senón un proceso de recollida constante de información, que nos permita emitir xuízos cos que cualificar unha actuación e tomar as decisións correspondentes.

Os instrumentos que utilicemos deben valer para comprobar o grao de aprendizaxe, ao mesmo tempo que coñecer o non aprendido e determinar por que.

Tradicionalmente todo proceso de avaliación toma coma referencia unha proba inicial que serve para valorar os conceptos previos e o nivel de dominio da terminoloxía que se vai utilizar. Por exemplo, o ter cursado a materia de Economía de 1º de bacharelato debe servir de apoio para a construcción de novos coñecementos, polo que cobra especial importancia detectar as ideas preconcebidas. Este punto de referencia inicial será un referente para outros posteriores e así medir a súa evolución e progreso. Dado que a materia de Economía da Empresa se serve de coñecementos aprendidos noutras materias como é o caso das matemáticas, é preciso comprobar o seu nivel de dominio. Para obter toda esa información o instrumento máis utilizado, complementario das informacións que poidamos ter do curso anterior, segue a ser os cuestionarios ou a presentación dunha situación problema que os alumnos deben resolver.

Durante o curso iremos propoñendo aos alumnos unha serie de probas, que nos servirán para levar adiante unha avaliación formativa que, dado o nivel e os contidos que se manexan, van a recaer fundamentalmente en exames e nalgún traballo. Todo este proceso debe proporcionarnos información non só dos pasos dados polos alumnos, senón do propio proceso de ensinanza en si mesmo: se as actividades foron necesarias, se o material proporcionado foi o adecuado, se o tempo dedicado o desenvolvemento da unidade foi preciso,...

O obxectivo desta avaliación formativa é tanto certificar o nivel de coñecementos do alumnado, como servir de axuda tanto aos alumnos como ao profesorado a reconducir esforzos, en caso necesario, a fin de conseguir un dominio total dos obxectivos programados.

As actividades de avaliación deben ser acordes co que se realizou durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe, e deben recorrer toda a gama de contidos desenvolvidos na unidade ou no curso. Segundo isto é necesario propor e desenvolver actividades de avaliación referidas a feitos,

a conceptos, a procedementos, a actitudes.

A avaliación final ou sumativa ten como obxectivo o de clasificar, nivelar e certificar aos alumnos a respecto do grao de cumprimento dos obxectivos marcados na unidade ou no curso. Ao final supoñería coñecer si os rendementos dos alumnos foi suficiente e satisfactorio.

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

**O longo do curso empregaremos os seguintes instrumentos de avaliación:**

. Elaboración de esquemas, gráficas e mapas conceptuais.

. Elaboración de síntesis.

. Comentarios de textos, de gráficas e de series estadísticas.

. Preguntas nas que se pide desenvolver un tema concreto.

.Traballos individuais ou en equipo.

. Exames teóricos e práctico

**A AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS E COLECTIVAS**

O principio do curso farase unha avaliación inicial para comprobar o grao de coñecemento é de competencias que os alumnos teñen da asignatura de Economía da Empresa de 2º de bacharelato, e según os resultados tomaranse as medidas adecuadas.

**A AVALIACIÓN ORDINARIA:**

. A actitude do alumno (asistencia a clase, atención e aproveitamento do tempo de clase, realización das tarefas diarias, participación activa nas clases) e os traballos individuais ou en equipo suporán o 10% da nota.

. Os exames teóricos e prácticos suporán o 90% da nota final do alumno.

. Poderase descontar entre 0,25 e 1 punto por faltas de ortografía, mestura de idiomas, desorganización,...

. O alumno aprobará as avaliacións sempre que entre a actitude, os traballos e os exames teña unha media de 5. Esta media farase sempre que o alumno non suspenda máis dun exame; e sempre que suspenda un, a media non pode baixar de 3.

. O alumno aprobará a asignatura cando teña unha media de 5 nas tres avaliacións; tamén aprobará cando suspenda unha soa avaliación con nota mínima de 3 e demostrase o longo do curso unha evolución que xustifique o seu aprobado.

A **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:**

. Os alumnos que non acaden os obxectivos o longo do curso teán unha proba extraordinaria no mes de setembro que consistirá nun exame teórico e práctico no que o alumno terá que obter unha nota mínima de 5 para poder aprobar a asignatura.

. Poderase descontar entre 0,25 e 1 punto por faltas de ortografía, desorganización, erros sintácticos, mestura de idiomas,...

**A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA PARA OS ALUMNOS QUE PERDAN O DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA:**

. Esta proba realizarase a aqueles alumnos que excedan o número de faltas de asistencia a clase sen xustificar, xa que perden o dereito a avaliación continua, polo que non serán avaliados según un proceso ordinario. Por esta razón terán que facer un exame extraordinario no mes de maio e a nota mínima esixible para que aprobe a asignatura será de un 5, e o modelo de exame será similar ós realizados o longo do curso.

. Poderase descontar entre 0,25 e 1 punto por faltas de ortografía, mestura de idiomas, desorganización,...

## 8) METODOLOXÍA.

A metodoloxía didáctica basearase nos seguintes principios xerais:

O proceso de ensino e aprendizaxe construirase a partir de os coñecementos e experiencias previas dos alumnos, dos seus intereses e motivacións.

O alumno eríxese como centro do proceso de ensino-aprendizaxe, como construtor de o seu propio coñecemento. Fomentarase a súa participación activa de maneira que vaia asumindo progresivamente un maior protagonismo, autonomía e responsabilidade.

As aprendizaxes deben ser autenticamente significativos, deben permitir relacionar a información nova con a que xa posúen os alumnos, e deben ser funcionais, é dicir, deben permitir a súa translación e aplicación a a vida, para asegurar así a utilidade de o apreso.

Fomentarase o autoaprendizaje. Os alumnos deben ser capaces de aprender a aprender e de pensar de maneira crítica. As metodoloxías deberán ser eminentemente activas e participativas e deberán favorecer o desenvolvemento de a capacidade do alumno para aprender en por si e traballar en equipo (aprendizaxe cooperativa, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe baseada en problemas, etc.).

Débense ter en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos e estilos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e recursos a as diferentes situacións mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

Favorecerase a interacción alumno-profesor e alumno-alumno, para que se produza a construción de aprendizaxes significativas e a adquisición de contidos de claro compoñente cultural e social. O docente asumirá o rol de orientador, promotor e facilitador do desenvolvemento competencial do alumno.

Utilizaranse a retroalimentación e a metacognición como elementos de avaliación continua que axuden en todo momento ao alumno a reconducir e avanzar en a súa aprendizaxe.

Farase un enfoque orientado a a realización de tarefas e a a resolución de problemas que o alumno debe encarar facendo un uso adecuado de os distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

Fomentarase o aproveitamento do TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) como ferramentas motivadoras e fontes provedoras de información.

As metodoloxías activas han de apoiarse en estruturas de aprendizaxe cooperativa, de forma que, a través de a resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares

Promoverase o traballo por proxectos para axudar ao alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a reflexión, a crítica, a elaboración de hipótese e a tarefa investigadora a través de un proceso no que cada un asume a responsabilidade de a súa aprendizaxe,

aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais.

## Estratexias metodolóxicas

A diversidade metodolóxica aconsella utilizar unha ampla gama de estratexias didácticas que combinen as de maior peso expositivo con aquelas de indagación.

Estratexias expositivas:

Son as que consisten en presentar a os alumnos e alumnas, oralmente ou por escrito, un coñecemento xa elaborado. Serán útiles sobre todo para presentar e desenvolver contidos teóricos e para trasladar aos alumnos/as a visión e os obxectivos xerais a alcanzar ao comezo de cada unidade didáctica. Para logralo utilizaranse esquemas, diagramas e mapas conceptuais, entre outros recursos.

A título orientativo e como estratexia de ensino expositivo, sería recomendable estruturar a aprendizaxe de os contidos, comezando por a descrición de a empresa como axente económico e as súas relacións coa contorna, para continuar con o estudo detallado e interrelacionado das distintas áreas funcionais que a integran.

Estratexias de indagación:

Son as que tratan de enfrontar ao alumno/a con diferentes problemas e cuestións nos que teñan que realizar un esforzo de reflexión sobre os distintos conceptos apresos e de interiorización de os valores actitudinais desexados. A través de estas estratexias, os alumnos achéganse a situacións reais, novas e/ou problemáticas e deben aplicar os coñecementos adquiridos, poderán desenvolver outros novos e terán a posibilidade de ofrecer solucións creativas a os problemas expostos.

As actividades a realizar poderán ser:

a) Resolución de problemas ou exercicios: VAN, TIR, cocientes, Wilson, Punto morto, custos, etc.
b) Comentario de textos ou análises de casos de natureza empresarial.
c) Realización de mapas mentais e esquemas.
d) Elaboración dun proxecto empresarial sinxelo.
e) Actividades de investigación en as que o alumno/a debe solicitar información en Internet..
f) Proxeccións, conferencias, entrevistas e enquisas.

g) Traballos monográficos.
h) Visitas a empresas e institucións de interese económico e social.
i) Simulacións.

**Metodoloxía de traballo na aula**

Como paso previo ao desenvolvemento de  os contidos, será interesante dedicar unha ou dúas sesións a  a presentación global da materia. Indicaranse os obxectivos e contidos máis importantes que desenvolveremos durante o transcurso do ano escolar, así como  os principais criterios de avaliación de cada unidade. Tamén se poderárealizar unha avaliación inicial dos coñecementos previos das/as alumnas/vos, que nos permitirá diagnosticar a situación de partida da nosa intervención educativa. Para avaliar esta situación inicial, poderemos usar preguntas abertas, debates, cuestionarios, crucigramas (véxase o crucigrama de coñecementos previos do libro de texto), etc.

## 9) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES.

. Aqueles alumnos de 2º de bacharelato que teñen Economía de 1º suspensa, serán avaliados a través de 2 exames que farán nos meses de xaneiro e de abril, nos cales o alumnos terán que sacar unha nota media de 5 para aprobar a asignatura. Esta nota media será válida sempre que ningún dos 2 exames que o alumno realice teña menos dun 3.

. Poderase descontar entre 0,25 e 1 punto por desorganización, faltas de ortografía, mestura de idiomas,...

## 10) ATENCIÓN A DIVERSIDAE, ACTIVIDADES DE REFORZO E TEMAS TRANSVERSAIS.

**. Atención a diversidade.**

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno da forma máis personalizada posíbel, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posue, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe,...

**. Actividades de reforzo.**

Por reforzo educativo enténdese toda medida ordinaria de atención á diversidade que afecta á secuencia dos contidos, a forma e instrumentos de avaliación, á organización da aula,...É unha acción educativa específica, adicional ou complementaria, no marco do traballo na aula para atender dificultades de aprendizaxe, que non precisan doutras adaptacións curriculares máis profundas.

Cada profesor deste departamento, no ámbito concreto da súa materia, tomará e poñerá en marcha as medidas de reforzo educativo ou recuperación que vexa necesarias.

Realización de actividades de comprensión y motivación

Vinculación de los contenidos con el entorno real del alumno, por ejemplo a través de visitas a empresas

Utilización de distintas estrategias y recursos metodológicos.

con un secuencia lógica y progresiva, que generen un

conocimientos previos y los adquiridos.

vídeos, mapas me

de expertos sobre cuestiones del mundo empresarial real.

**. Temas transversais.**

Os temas transversais que a Lei establece, Educación para a Paz, Educación moral e cívica, Educación para a saúde, Educación para a igualdade dos sexos, Educación ambiental, Educación sexual, Educación vial e a Educación para o consumidor, por ser contidos que responden a unha demanda da sociedade, estarán presentes o longo do curso, fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que, polas súas características, sexan máis acordes.

## 11) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

.Por un lado, proponse a presenza no centro de ensinanza de xente relacionada co mundo da economía e da empresa para que podan dar charlas sobre estes aspectos.

. Ademais realizarase unha visita guiada a unha das empresa máis importantes do Barbanza no sector conserveiro: FRINSA, en Ribeira; JEALSA, en Boiro.

. Outra posible actividade será a visita a lonxa de Ribeira para que lles expliquen como funciona e asistir a subasta dos peixes.

## 12) AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

En este  apartado pretendemos promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e desenvolvemento da programación didáctica. Para logralo, o finalizar cada unidade didáctica proponse unha serie de preguntas que permitan o docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer as estratexias de mellora para a propia unidade.

Do mismo modo, farase uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta poderase facer o final de cada trimestre, para así recoller as melloras no seguinte. Dita ferramenta constará de aspectos a avaliar como a temporalización, os obxectivos, a realización de tarefas, recursos, atención a diversidade,... mirando os aspectos a destacar, a mellorar e as propostas de mellora.

## 13) OUTROS ASPECTOS DA PROGRAMACIÓN.

### a- <u>TRATAMENTO DE FOMENTO DA LECTURA</u>.

A LOMCE trata de impulsar, como un obxectivo fundamental na ensinanza, o fomento da lectura entre os alumnos, para que estos descubran o placer que se esconde dentro de cada libro así como a información que lles proporciona e que lles servirá para comprender mellor conceptos, ideas,... ademais de ser críticos ante a información que están recibindo.

Para lograr este obxectivo, o departamento de Economía propón para os alumnos de 2º de bacharelato a lectura dunha serie de libros:

. Conway, Edmund: “50 cosas que hay que saber sobre economía”. Ed. Arie

- Salas, Carlos: “La crisis explicada a sus víctimas”. Ed.Áltera

- López, Francisco:” La empresa, explicada de forma sencilla”. Ed. Libros de Cabecera.

- López, Francisco:” Valoración de empresas: una introducción práctica”. Ed. Deusto.

- Lectura de textos e de artigos de prensa económicos na clase.

### b- <u>TRATAMENTO DE FOMENTO DAS TIC</u>.

Na asignatura de Economía da Empresa pódese traballar no fomento das TIC. Gracias a este tratamento que a LOMCE fai das TIC, os alumnos poderán traballar a través das múltiples posibilidades que lles ofrece INTERNET. Desta maneira pódese acceder os distintos periódicos

dixitais, tanto galegos, como nacionais ou internacionais.

Tamén pódese acceder a través da rede os distintos portais institucionais que dan cumplida información sobre economía, ou tamén a información que ofrecen as distintas empresas a través da súas páxinas Web.

Todo esto pódese levar a cabo no traballo na aula xa que dispoñemos dun ordenador e de conexión a INTERNET.

c- **MATERIAL E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisamos apoiarnos nuns recursos que na maioría das veces baséanse en soportes informáticos, escritos ou visuais. O uso do xornal segue a ser importante, dada a variedade de información que proporciona e a facilidade do seu manexo. INTERNET é unha fonte de información que cada vez se fará máis imprescindible para obter datos económicos, ampliar información,...

. **Material recomendado**.

.Libro de texto recomendado: Pérez César, Alberto: “Economía de la empresa”. Galinova editorial.

. **Libros de texto e bibliografía complementaria utilizada polo profesor**:

. VV.AA.:” A Creación de Empresas”. Ed. Xunta de Galicia.

. Mochón, Francisco: “Principios de Economía”. Ed. McGrawHill.

. VV.AA.:” Economía da Empresa”. Baía Edicións.

. Prada Blanco, Albino:” Economía de Galicia. Situación actual y perspectivas”. Tresctres Editores.

. Aguez Hortal, Mario:” Decisiones de inversión en la empresa”. Ediciones Gestión 2000.

. Martín, José Luis: “Finanzas para todos”. LID Editorial.

. Arias, Xosé Carlos e Costas, Antón: “La torre de la arrogancia”. Editorial Ariel.

. Amat, Oriol: “Contabilidad y finanzas para Dummies”. Ed. Grupo Planeta.

. **Diccionarios**:

. Tamames, Raón:” Diccionario de Economía”. Ed. Alianza.

. Muñiz Castro, Emilio: “Diccionario terminológico de marketing y logística” Ed. Verba.

. **Material audiovisual**:

. Películas como “Inside Job”, que explican a orixe da actual crise económica.

. “Conceptos económicos fundamentales”. Áncora Audiovisual, S:A:

. “Conceptos macroeconómicos”. Áncora Audiovisual, S:A.

. **Artigos de prensa de distintos periódicos e de revistas especializadas en economía**.

. **Información económica a través de internet**.

# “ADMINISTRACIÓN, XESTIÓN E COMERCIALIZACIÓN NA PEQUENA EMPRESA”.

## 1) OBXECTIVOS XERAIS

. Analiza-las diferentes formas xurídicas vixentes de constitución dunha empresa.

. Identifica-la forma xurídica máis idónea segundo os obxectivos, os recursos dispoñibles e características da actividade económica da empresa.

. Determina-la localización física, o ámbito de actuación, a demenda potencial, a estrutura organizativa e a rendibilidade do proxecto empresarial, segundo o estudio de mercado existente, así como as normas urbanísticas e medioambientais que regulan a actividade.

. Identifica-los trámites administrativos e os requisitos formais que se esixen para a constitución dunha empresa, segundo a forma xurídica.

. Identifica-las formas de financiamento propias e alleas, así como as subvencións e axudas ofrecidas polas diferentes administracións públicas.

. Determina-las necesidades de formación do persoal e as formas de contratación máis adecuadas segundo as características da empresa e o tipo de actividade,

. Formaliza-la documentación necesaria para a constitución dunha empresa e a documentación básica para o

desenvolvemento da súa actividade.

. Defini-las obrigas mercantís, fiscais e laborais esixidas a unha empresa no desenvolvemento da súa actividade.

. Identifica-los impostos indirectos, os directos e os municipais que afectan a unha empresa.

. Aplica-las técnicas básicas de negociación con clientes e provedores.

. Identifica-las ofertas de produtos ou servicios máis vantaxosas con relación ó prezo de mercado, o prazo de entrega, a calidade, o transporte, o desconto, o volume de pedido, as condicións de pagamento, a garantía e a atención posvenda.

. Describi-las formas máis habituais de promoción de vendas en función do tipo de produto ou servicio.

. Elaborar un proxecto de creación dunha pequena empresa que inclúa os obxectivos, a organización, a localización, os plans de investimento, de financiamento e comercialización e a rendabilidade do proxecto.

## 2) CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CADA UNIDADE DIDÁCTICA.

Unidade 1. Emprendimiento e iniciativa emprendedora

**OBXECTIVOS**

- Coñecer e analizar o termo «emprendedor» e «espírito emprendedor».
- Delimitar as características do emprendedor.
- Valorar o concepto de cultura emprendedora, recoñecer a súa importancia para a creación de emprego e conseguir o benestar social.
- Recoñecer a importancia vital do empresario-emprendedor no século xxi.
- Identificar a evolución histórica do concepto de empresario ata hoxe en día.
- Asumir que toda actividade empresarial leva consigo un risco inevitable.
- Recoñecer que a innovación é o motor do desenvolvemento económico dun país.
- Descubrir e valorar o novo modelo de economía do coñecemento.

**CONTIDOS**

1. Espírito emprendedor.
2. Características do emprendedor.
3. Cultura emprendedora.
4. A actuación dos emprendedores como empresarios.

5. Evolución histórica do concepto de empresario.

6. O risco na actividade emprendedora.

Concepto de risco empresarial.

Clases de riscos empresariais.

Xestión de riscos empresariais.

7. Innovación e desenvolvemento económico.

Concepto de innovación.

Tipos de innovación.

8. Economía do coñecemento.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**1. Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requirimentos derivados dos postos de traballo e das actividades empresariais.**

Criterios de avaliación:

Identificouse o termo emprendedor e espírito emprendedor.

Diferenciáronse os distintos tipos de emprendedores.

Valorouse e analizado a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.

Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como fonte de creación de emprego e benestar social.

Analizáronse o concepto de empresario e os seus requisitos e actitudes necesarios para desenvolver a actividade empresarial.

Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.

Analizouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.

Describiuse a estratexia empresarial relacionándoa cos obxectivos da empresa.

**2. Define a oportunidade de creación dunha pequena empresa, valorando o impacto sobre o ámbito de actuación e incorporando valores éticos.**

Criterios de avaliación:

Definiuse a idea de negocio do ámbito respectivo do ciclo formativo, que servirá de punto de partida para a elaboración dun plan de empresa.

Describíronse as funcións básicas que se realizan nunha empresa e analizouse o concepto de sistema aplicado á empresa.

Identificáronse os principais compoñentes do ámbito xeral que rodea a empresa; en especial, o ámbito económico, social, demográfico e cultural.

Analizouse a influencia na actividade empresarial das relacións cos clientes, cos provedores e coa competencia como principais integrantes do ámbito específico.

Analizáronse os conceptos de cultura empresarial e imaxe corporativa e a súa relación cos obxectivos empresariais.

Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.

Unidade 2. Plan de empresa

**OBXECTIVOS**

– Valorar a situación económica actual e identificar o autoemprego ou traballo por conta propia como unha alternativa ao traballo por conta allea.

– Coñecer en que consiste unha idea de negocio.

– Identificar as fases e estrutura dun plan de empresa co fin de ter unha base inicial para elaborar un plan de empresa do sector.

– Coñecer e valorar a importancia dun plan de empresa para transformar unha oportunidade de negocio nunha realidade empresarial.

**CONTIDOS**

1. Situación económica actual.

2. O autoemprego.

3. O plan ou proxecto de empresa.

3.1 Estrutura do plan de empresa.

A. Presentación do proxecto.

B. Estudo de mercado.

C. Plan de mercadotecnia.

D. Plan de produción e calidade.

E. Plan de recursos humanos.

F. Plan económico-financeiro.

G. Plan de prevención de riscos laborais.

H. Análise da viabilidade do proxecto.

I. Anexos.

## RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**1. Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requirimentos derivados dos postos de traballo e das actividades.**

Criterios de avaliación:

Valorouse a situación económica actual e recorrer ao autoemprego ou traballo por conta propia como alternativa ao traballo por conta allea.

Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como fonte de creación de emprego e benestar social.

Valorouse e analizado a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.

Analizouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.

Analizáronse o concepto de empresario e os seus requisitos e actitudes necesarios para desenvolver a actividade empresarial.

Describiuse a estratexia empresarial relacionándoa cos obxectivos da empresa.

**2. Define a oportunidade de creación dunha pequena empresa, valorando o impacto sobre o ámbito de actuación e incorporando valores éticos.**

Criterios de avaliación:

Definiuse a idea de negocio do ámbito respectivo do ciclo formativo, que servirá de punto de partida para a elaboración dun plan de empresa.

Describíronse os elementos comúns para realizar unha empresa.

Describíronse as funcións básicas que se realizan nunha empresa e analizouse o concepto de sistema aplicado á empresa.

Identificáronse os principais compoñentes do ámbito xeral que rodea a empresa; en especial, o ámbito económico, social, demográfico e cultural.

Analizouse a influencia na actividade empresarial das relacións cos clientes, cos provedores e coa competencia como principais integrantes do ámbito específico.

Analizáronse os conceptos de cultura empresarial e imaxe corporativa e a súa relación cos obxectivos empresariais.

Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.

Analizouse o balance social dunha empresa e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.

Identificáronse, en empresas, prácticas que incorporan valores éticos e sociais.

Unidade 3. A empresa e o seu ámbito

**OBXECTIVOS**

– Coñecer a relación entre a actividade económica e a empresa, para así identificar o concepto de empresa e as condicións mínimas que debe cumprir.

– Interpretar a teoría xeral de sistemas (TGS) e coñecer as súas características.

– Identificar os recursos que necesita unha empresa para desenvolver a súa actividade.

– Distinguir o macroámbito e o microámbito dunha empresa.

– Diferenciar a clasificación das empresas segundo sector, tamaño, cifra de negocio e volume de capital, segundo a súa forma xurídica, a titularidade da súa capital e segundo o seu ámbito territorial.

– Coñecer os diferentes obxectivos dunha empresa.

– Recoñecer a importancia dunha boa localización e dimensión en relación á súa capacidade máxima de produción.

– Identificar e valorar os signos identificativos da empresa.

– Distinguir a responsabilidade social corporativa (RSC) da ética empresarial e o balance social.

– Coñecer en que consiste a cultura empresarial.

**CONTIDOS**

1. A empresa e a actividade económica.

1.1. Concepto de empresa. Condicións mínimas.

1.2. Teoría xeral de sistemas (TGS). Características.

- Recursos da empresa.
- Funcións da empresa.
- Clasificación das empresas.
- Obxectivos da empresa.

- Localización e dimensión da empresa.

2.1 Localización.

2.2 Dimensión da empresa.

- Os signos identificativos da empresa.

- Responsabilidade social corporativa (RSC), ética empresarial e balance social.

4.1Responsabilidad social corporativa (RSC).

4.2 Ética empresarial.

4.3 Balance social: concepto e principios.

- A cultura empresarial.

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**1. Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, analizando os requirimentos derivados dos postos de traballo e das actividades.**

Criterios de avaliación:

Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.

Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como fonte de creación de emprego e benestar social.

Valorouse e analizado a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.

Analizouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.

Analizáronse o concepto de empresario e os seus requisitos e actitudes necesarios para desenvolver a actividade empresarial.

Describiuse a estratexia empresarial relacionándoa cos obxectivos da empresa.

**2. Define a oportunidade de creación dunha pequena empresa, valorando o impacto sobre o ámbito de actuación e incorporando valores éticos.**

Criterios de avaliación:

Definiuse a idea de negocio do ámbito respectivo do ciclo formativo, que servirá de punto de partida para a elaboración dun plan de empresa.

Describíronse as funcións básicas que se realizan nunha empresa e analizouse o concepto de sistema aplicado á empresa.

Identificáronse os principais compoñentes do ámbito xeral que rodea a empresa; en especial, o ámbito económico, social, demográfico e cultural.

Analizouse a influencia na actividade empresarial das relacións cos clientes, cos provedores e coa competencia como principais integrantes do ámbito específico.

Analizáronse os conceptos de cultura empresarial e imaxe corporativa e a súa relación cos obxectivos empresariais.

Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.

Analizouse o balance social dunha empresa e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.

Identificáronse, en empresas, prácticas que incorporan valores éticos e sociais.

Unidade 4. O mercado e a mercadotecnia

**OBXECTIVOS**

– Identificar que é un mercado e diferenciar: tipos de mercado, tamaño e cota de mercado.

– Recoñecer a importancia dun estudo de mercado e as súas fases.

– Distinguir a mercadotecnia estratéxica, a mercadotecnia operativa ou mercadotecnia-mix, e valorar as súas diferenzas en atención á súa distinta natureza e enfoque.

– Descubrir e valorar as novas tendencias da mercadotecnia relacional e a fidelización de clientes e a súa vital importancia no contexto económico actual.

**CONTIDOS**

O mercado.

- Elementos do mercado.
- Tipos de mercado.

- Tamaño e cota de mercado.

- O estudo de mercado.

- A mercadotecnia.

- Mercadotecnia estratéxica.

- Mercadotecnia operativa ou mercadotecnia-mix.

1. Produto.

2. Prezo.

3. Promoción ou comunicación comercial.

4. Distribución.

4. Novas tendencias da mercadotecnia: a mercadotecnia relacional e a fidelización de clientes.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**3. Efectúa unha análise básica do mercado utilizando técnicas e instrumentos de investigación de mercado valorando os seus**

**resultados e definindo en función deles un plan de mercadotecnia.**

Criterios de avaliación:

Analizáronse os conceptos básicos de oferta e demanda de mercado.

Describíronse as fontes de información primaria e secundaria no proceso de análise de mercado.

Recompiláronse fontes de información secundarias, como memorias de empresas e estudos sectoriais.

Realizáronse enquisas e entrevistas ao público obxectivo e aos empresarios do sector de referencia do ciclo formativo.

Analizouse a información obtida, das fontes primarias, así como das fontes secundarias.

Describíronse os conceptos de mercadotecnia estratéxica, mercadotecnia-mix e mercadotecnia relacional (fidelización de clientes).

Analizouse un plan de mercadotecnia que se incluirá no plan de empresa.

Unidade 5. Plan de produción e recursos humanos

**OBXECTIVOS**

Coñecer en que consiste un plan de produción.

- Diferenciar as distintas funcións do departamento de produción.
- Identificar os diferentes tipos de estrutura na organización empresarial.
- Valorar a evolución dos modelos de organización empresarial: tradicionais ou modernas e posmodernas.
- Analizar que é un organigrama.
- Identificar e analizar que é un plan de recursos humanos e as funcións do departamento de RR. HH.: organización e planificación do persoal; liderado, motivación e comunicación; proceso de recrutamento, selección e formación do persoal; xestión do persoal e seguridade e saúde laboral.

**CONTIDOS**

1. Plan de produción.

1.1 Localización, instalacións e infraestruturas e capacidade produtiva.

1.2 Selección e deseño do produto ou servizo.

1.3 Proceso de produción.

1.4 Xestión de existencias e aprovisionamento.

1.5 Os custos de produción.

1.6 Control de calidade.

1.7 Planificación do plan de prevención.

1. Organización empresarial.

2.1 Evolución dos modelos de organización empresarial.

2.2 Estruturas organizativas tradicionais ou modernas.

2.3 Estruturas organizativas posmodernas.

2.4 O organigrama.

2. Plan de recursos humanos (RR. HH.).

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**4. Recoñece as bases dun plan de produción; a importancia da organización empresarial e evolución das estruturas organizativas; as necesidades e políticas de recursos humanos propias dunha peme enmarcada no sector do ciclo formativo, aplicando o convenio colectivo de referencia**.

Criterios de avaliación:

Describíronse as bases dun plan de produción e os seus principais apartados.

Valorouse e descrito a evolución dos modelos de estruturas organizativas empresariais: tradicional e posmodernas.

Realizouse un organigrama funcional dunha empresa tipo do sector.

Analizouse o convenio colectivo do sector, especialmente no relativo a grupos profesionais, ademais das táboas salariais.

Identificáronse as necesidades de persoal e a súa cualificación nas pemes, respectando o establecido no convenio colectivo do sector.

Describíronse o liderado, a comunicación e a motivación como elementos da política de recursos humanos, valorando a importancia de implementar accións de desenvolvemento destas políticas.

Calculouse o custo de persoal nunha empresa tipo do sector, valorando as bonificacións á contratación que están reguladas na normativa.

Determináronse as necesidades da empresa en materia de seguridade laboral e as pautas para elaborar un plan de prevención de riscos.

Unidade 6. Contabilidade. Análise económico-financeiro

**OBXECTIVOS**

– Coñecer os obxectivos principais da contabilidade, os tipos de contabilidade e normativa contable.

- Entender que o PGC contempla dous modelos: PGC para grandes empresas e PGC para pemes.
- Identificar o patrimonio da empresa: bens, dereitos e obrigas.
- Identificar a estrutura económica e financeira do patrimonio empresarial.
- Realizar o cálculo do patrimonio neto.
- Coñecer as contas anuais dunha peme e os requisitos que deben cumprir: balance, conta de perdas e ganancias, estado de cambios do patrimonio neto e de fluxos de efectivo (potestativo), memoria.
- Realizar agrupamentos en masas patrimoniais de diferentes elementos patrimoniais conforme ao estudado.
- Realizar un balance de situación conforme ao PGC das pemes.
- Realizar un estudo económico-financeiro: fondo de manobra, cálculo de ratios financeiras e económicas e interpretar e analizar os resultados obtidos.
- Coñecer o plan económico-financeiro previsional e comezar a elaborar un presuposto de tesouraría para incluír no plan de empresa.

**CONTIDOS**

1. A contabilidade.

1.1 Clasificación da contabilidade.

1.2 Normativa contable.

2. O patrimonio da empresa.

3. As contas anuais.

3.1 O balance.

3.2 Conta de perdas e ganancias.

3.3 O estado de cambios no patrimonio neto (ECPN).

3.4 O estado de fluxos de efectivo.

3.5 A memoria.

4. Os libros de contabilidade.

5. A análise económico-financeiro da empresa.

5.1 Análise patrimonial, e fondo de manobra.

5.2 Análise financeira: as ratios.

5.3 Análise económica.

6. O plan económico-financeiro previsional.

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**5. Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha peme, identificando as principais obrigas contables e fiscais, cumprindo a documentación respectiva.**

Criterios de avaliación:

Diferenciáronse os obxectivos principais da contabilidade, os tipos de contabilidade e a normativa contable e distinguiuse que o PGC contempla dous modelos: PGC para grandes empresas e PGC para pemes.

Analizouse o patrimonio da empresa: bens, dereitos e obrigas.

Diferenciáronse os elementos patrimoniais das masas patrimoniais.

Analizáronse as contas anuais e a súa vital importancia e relevancia ao final de cada exercicio económico.

Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable.

Realizáronse actividades prácticas de simulación realizando un balance de situación inicial e elaborando un presuposto de tesouraría para incorporalo no plan de empresa.

Recoñeceuse a importancia de utilizar unha serie de libros de contabilidade (obrigatorios ou voluntarios).

Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao fondo de manobra.

Describiuse a análise financeira (ratios): tesouraría, proba ácida ou liquidez, solvencia, garantía e endebedamento total.

Describiuse a análise económica: ROA, ROE e rendibilidade do accionista.

Definíronse as obrigas fiscais dunha empresa.

Realizáronse actividades prácticas relacionadas coa análise económico-financeiro e interpretáronse os seus resultados conforme ao desenvolvido.

Incluíuse a anterior documentación no plan de empresa.

Unidade 7. Fontes de financiamento

**OBXECTIVOS**

– Coñecer a importancia de como obter financiamento para levar a cabo unha idea de negocio e conseguir plasmala na realidade.

– Identificar as diferentes clasificacións ou fontes de financiamento: procedencia dos recursos e titularidade, en función do seu prazo de vencemento.

– Distinguir o financiamento externo, allea e a curto prazo, do financiamento externo, alleo a medio e longo prazo e a súa importancia para levar a cabo o plan de empresa.

– Coñecer o financiamento interno ou autofinanciamento e as súas clases.

– Identificar a función financeira da amortización, o seu cálculo e métodos: taxación, constante constante con valor residual, decrecente polo tanto fixo, proporcional por traballo realizado.

– Interpretar os factores condicionantes para elixir unha fonte de financiamento axeitado.

**CONTIDOS**

1. As fontes de financiamento da empresa.

2. Financiamento externo.

2.1 Financiamento externo, allea e a curto prazo.

2.2 Financiamento externo, alleo a medio e longo prazo.

2.3 Financiamento externo propio.

3. O financiamento interno ou autofinanciamento.

4. A función financeira da amortización.

5. Como seleccionar as fontes de financiamento?

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**6. Recoñece as fontes de financiamento, a súa clasificación e como obtelas.**

Criterios de avaliación:

Identificouse o concepto de fontes de financiamento e analizáronse os seus criterios de clasificación.

Describiuse o financiamento externo, allea e a curto prazo.

Describiuse e diferenciado o financiamento externo, alleo a medio e longo prazo.

Definiuse o financiamento externo propio.

Identificouse o financiamento interno ou autofinanciamento e as súas clases: mantemento e de enriquecemento.

Describiuse o significado da función financeira da amortización.

Realizáronse cálculos dos diferentes métodos de amortización: taxación, constante constante con valor residual, decrecente polo tanto fixo e proporcional polo traballo realizado.

Valorouse como seleccionar as fontes de financiamento.

Incluíuse a anterior documentación no plan de empresa.

Unidade 8. Fiscalidade das empresas

**OBXECTIVOS**

Coñecer que é un tributo e diferenciar os seus tipos: impostos, contribucións especiais, taxas e prezos públicos.

- Analizar os diferentes elementos dun imposto.
- Identificar os principais impostos que afectan á empresa: municipais, imposto de sociedades (IS), IRPF e IVE, e describilos.
- Realizar o cálculo da cota íntegra do IS.
- Realizar o cálculo do rendemento neto dun empresario individual, acollido ao réxime de estimación directa normal (EDN).
- Realizar a liquidación e cumprimentación do modelo 130 dun empresario individual, acollido ao réxime de estimación directa simplificada (IRPF).
- Realizar a liquidación e cumprimentación do modelo 303 dun empresario individual, acollido ao réxime xeral do IVE.

- Coñecer a importancia doutras obrigas fiscais: declaración anual de operacións con terceiras persoas e retención e ingresos a conta do IRPF.

- Coñecer que as obrigas fiscais da empresa están sometidas a un réxime temporal de presentación de documentos: calendario do contribuínte.

**CONTIDOS**

1. Os tributos.

2. Tipos de tributos.

3. Os impostos.

4. Impostos que afectan á empresa.

4.1 Impostos municipais.

4.2 Imposto de sociedades (IS).

4.3 Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

4.4 Imposto sobre o valor engadido (IVE).

1. Outras obrigas fiscais.

..1 Declaración anual de operacións con terceiras persoas.

5. Retencións e ingresos a conta do IRPF.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**7. Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha peme, identificando as principais obrigas contables e fiscais, cumprindo os modelos oficiais ao uso.**

Criterios de avaliación:

Analizáronse as características da actividade financeira xustificando así a razón de ser dos tributos.

Definíronse e descrito os tipos de tributos: impostos, contribucións especiais, taxas e prezos públicos.

Diferenciáronse os elementos dun imposto.

Definíronse e descrito os impostos que afectan ás empresas: municipais, imposto de sociedades, IRPF, IVE e outras obrigas fiscais.

Calculouse e cumpriu o modelo 130 para os efectos do IRPF.

Calculouse e cumpriu o modelo 303 para os efectos do IVE.

Diferenciáronse os tipos de impostos en función do réxime de presentación de documentos conforme ao calendario do contribuínte.

Incluíuse a anterior documentación no plan de empresa.

Unidade 9. Documentos da xestión administrativa da empresa

**OBXECTIVOS**

- Coñecer que o funcionamento comercial dunha empresa xera un gran volume de documentos que é necesario organizar e identificar.
- Identificar os principais documentos de compravenda e os seus elementos: nota de pedido, albará e factura.
- Diferenciar os documentos de pagamento máis importantes e os seus elementos: letra de cambio, cheque e obriga de pagamento.
- Saber que existen outros medios de pagamento: transferencia bancaria, domiciliación bancaria, tarxeta de débito e crédito e PayPal.
- Identificar que é un recibo.
- Coñecer os contratos máis comúns que unha empresa pode concertar: compravenda, subministración e de seguros.

**CONTIDOS**

1. A documentación administrativa.

2. Documentos de compravenda.

- A nota de pedido.
- O albará.

2.3 A factura.

- Documentos de pagamento.
  - A letra de cambio.
  - O cheque.
  - A obriga de pagamento.
  - Outros medios de pagamento.
  - O recibo.
- Os contratos.

4.1 Contrato de compravenda.

4.2 Contrato de subministración.

4.3 Contrato de seguros.

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

**8. Recoñece e realiza as actividades necesarias de xestión administrativa dunha empresa, cumprindo documentos relacionados coa compravenda: pedido, albará e factura; de pagamento e cobramento: letra de cambio, cheque e obriga de pagamento; outros medios de pagamento; recibo.**

**Identifica os contratos de compravenda, subministración e de seguros dunha empresa.**

Criterios de avaliación:

Analizouse o funcionamento comercial da empresa e a xeración dun gran volume de documentos necesarios no seu funcionamento diario.

Especificouse os pasos para seguir en calquera proceso de compravenda.

Definíronse a nota de pedido e os seus elementos.

Definíronse o albará e os seus elementos.

Definíronse a factura, os seus tipos e características.

Analizáronse e diferenciado os documentos de pagamento máis importantes: letra de cambio, cheque e obriga de pagamento.

Cumpriuse unha letra de cambio, cheque e obriga de pagamento nos modelos oficiais e ao uso.

Diferenciáronse outros medios de pagamento.

Analizouse o recibo.

Analizáronse e diferenciado os contratos de compravenda, o de subministración e o de seguros relacionados coa actividade normal dunha empresa.

Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externos existentes á hora de poñer en marcha unha peme.

Unidade 10. Formas xurídicas da empresa

**OBXECTIVOS**

– Avaliar a necesidade de adoptar unha forma xurídica para levar a cabo a viabilidade da idea de negocio, realizar unha serie de trámites ante os organismos públicos, operar no tráfico mercantil e asumir dereitos e obrigas.

– Coñecer e identificar as distintas formas xurídicas: empresario individual, TRADE, sociedades sen personalidade xurídica (sociedade civil e comunidade de bens), sociedades mercantís (responsabilidade limitada, limitada nova empresa, anónima), sociedades de economía social (laboral e cooperativas).

– Recoñecer a responsabilidade do empresario en cada caso e valorar a forma xurídica elixida no proxecto de empresa.

– Saber que existen outras formas de ser empresario: franquía, asociacións sen ánimo de lucro e fundacións.

**CONTIDOS**

1. Forma xurídica da empresa.

2. Clases de formas xurídicas.

2.1 Empresario individual (persoa física).

2.2 Sociedades sen personalidade xurídica.

3 Sociedades mercantís (persoa xurídica).

3.1 Sociedades de responsabilidade limitada (SL).

3.2 Sociedade limitada nova empresa (SLNE).

3.3 A sociedade anónima (SA).

4 Sociedades de economía social.

4.1 Sociedade laboral.

4.2 A sociedade cooperativa.

5. Outras formas de ser empresario.

5.1 A franquía.

5.2 As asociacións sen ánimo de lucro.

5. As fundacións.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**9. Realiza as actividades para a constitución e posta en marcha dunha empresa, seleccionando a forma xurídica e identificando as obrigas legais asociadas.**

Criterios de avaliación:

Analizáronse as diferentes formas xurídicas da empresa.

Especificouse o grao de responsabilidade legal dos propietarios da empresa en función da forma xurídica elixida.

Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para as diferentes formas xurídicas da empresa.

Analizáronse os trámites esixidos pola lexislación vixente para a constitución dunha peme.

Realizouse unha busca exhaustiva das diferentes axudas para a creación de empresas na localidade de referencia.

Incluíuse no plan de empresa todo o relativo á elección da forma xurídica, estudo de viabilidade económico-financeira, trámites administrativos, axudas e subvencións.

Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externos existentes á hora de poñer en marcha unha peme.

Unidade 11. Trámites de constitución e posta en marcha

**OBXECTIVOS**

Coñecer e diferenciar os trámites de constitución xurídicos e administrativos dunha empresa: persoa física ou persoa xurídica.

- Identificar os trámites para a posta en marcha dunha empresa: ante o Ministerio de Facenda, ante o Ministerio de Emprego e Seguridade Social, ante o Concello e ante o Rexistro Mercantil.
- Diferenciar a relevancia actual da xanela única empresarial e os viveiros de empresas.
- Coñecer que a lei de emprendedores establece medidas para axilizar a tramitación.

**CONTIDOS**

Trámites de constitución dunha empresa.

1 Trámites para a posta en marcha da empresa.

1.1 Trámites ante o Ministerio de Facenda.

1.2 Trámites ante o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

1.3 Trámites ante o Concello.

1.4 Trámites ante o Rexistro Mercantil.

2 A xanela única empresarial e os viveiros de empresas.

3.1 A xanela única empresarial.

3. Viveiros de empresas.

RESULTADOS DE APRENDIZAXE E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**10. Identifica e realiza os trámites de constitución e posta en marcha dunha empresa con base na forma xurídica elixida e as obrigas legais asociadas.**

Criterios de avaliación:

Identificouse a necesidade de diferenciar os trámites xurídicos e administrativos necesarios para constituír unha empresa dependendo da forma xurídica que se adopte: persoa física ou xurídica.

Analizouse e diferenciado a simplicidade de constitución como persoa física.

Describíronse os trámites de constitución como persoa xurídica: certificación negativa do nome, redacción da acta de constitución e dos estatutos da sociedade, solicitude de cualificación previa do proxecto de estatutos, aperturar de conta bancaria a nome da sociedade, escritura pública de constitución da sociedade, solicitude do CIF provisional, liquidación do ITPAJD, inscrición no rexistro correspondente.

Identificáronse e realizado os trámites para a posta en marcha dunha empresa: ante o Ministerio de Facenda, ante o Ministerio de Emprego e Seguridade Social e ante o Rexistro Mercantil.

Describiuse en que consiste a xanela única empresarial e os viveiros de empresas.

Analizáronse os trámites esixidos pola lexislación vixente para a constitución dunha peme.

Realizouse unha busca exhaustiva das diferentes axudas para a creación de empresas na localidade de referencia.

Incluíuse no plan de empresa todo o relativo á elección da forma xurídica, trámites xurídicos e administrativos, axudas e subvencións.

Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externos existentes á hora de poñer en marcha unha peme.

## 3) <u>SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN</u>

O Decreto 68/2000, do 16 de marzo, polo que se establece o currículum do ciclo formativo de grao medio correspondente o título de "Técnico en conducción de actividades físico-deportivas no medio natural", fixa un total de 80 horas para imparti-los contidos da asignatura de "Administración, xestión e comercialización na pequena empresa". Estas 80 horas repartiranse, como se indica a continuación, entre as once unidades didácticas que recollen os contidos desta asignatura:

**. Primeira avaliación.**

1- Emprendimiento e iniciativa emprendedora (6h)

2- Plan de empresa (7h.)

3- A empresa e o seu entorno (6h.)

4- O mercado e o márketing (6h.)

**. Segunda avaliación.**

5. Plan de produción e recursos humanos (7h.)

6- Contabilidade (6h.)

7- Fontes de financiación (6h.)

8- Fiscalidade das empresas (6h.)

**. Terceira avaliación.**

9- Documentos da xestión administrativa da empresa (10h.)

10- Formas xurídicas da empresa (8h.)

11- Trámites de constitución e posta en marcha (12h.)

## 4) METODOLOXÍA.

Posto que un dos obxectivos básicos desta asignatura é conseguir que os alumnos poidan crear un pequeno negocio, a metodoloxía a seguir nas clases combinará a exposición clara e breve dos contidos coa realización de moitas actividades por parte dos alumnos, co obxectivo de que estes vexan que realmente poden poñer en práctica os coñecementos adquiridos. Isto obrigará a que as exposicións do profesor vaian acompañadas de todo tipo de documentos e de exemplos reais ou supostos que axuden á comprensión dos contidos.

5) **<u>MÍNIMOS ESIXIBLES</u>.**

. Comprende-lo papel da empresa nas sociedades actuais nun mundo globalizado.

. Saber elixir adecuadamente a localización física da empresa, así como a importancia que na actualidade ten a responsabilidade social das empresas e a súa importanci como elemento de estratexia empresarial.

. Identicar adecuadamentre os investimentos empresariais con cada tipo de empresa.

. Comprede-lo papel do márketing dentro das empresas para o seu desenvlovemento nas sociedades modernas.

. Compreder e valorar o papel que os tributos teñen nas sociedades actuais .

. Saber clasificar as empresas conforme a criterios distintos.

. Comprende-lo sentido e a utilidade da contabilidade como ferramenta de rexistro e análise da actividade empresarial.

. Valorar e comprender o papel complementario do investimento e do financiamento dentro da creación de empresas.

. Deseñar e realizar adecuadamente o plan de empresa dun negocio ralacionado cos estudos de ciclo formativo cursados.

. Valora-lo papel que teñen as empresas como creadoras de riqueza nas sociedades modernas, e dentro delas do papel dos emprendedores.

**6) A AVALIACIÓN.**

**A AVALIACIÓN ORDINARIA.**

**. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

. O principal criterio de avaliación será o grao de consecución por parte do alumno dos obxectivos didácticos establecidos para cada unidade didáctica.

. Coñecemento, comprensión e dominio dos contidos conceptuais, procedementais e actitudinais establecidos para cada unidade didáctica.

. Capacidade de reflexión e razoamento, de búsqueda de información e aportacións de solucións ós problemas e preguntas formulados por cada unidade didáctica.

. Dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán.

. Grao de preparación para afronta-la posta en marcha dunha pequena empresa.

. Asistencia a clase e traballo diario desenvolvido polo alumno na aula.

**. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

. Relación de exercicios a facer polo alumno tanto na clase como na casa. Serán correxidos na clase e poñerase unha nota a cada alumno ó que lle corresponda a corrección.

. Exames de avaliación: faranse un ou dous por avaliación. Haberá un exame de recuperación por cada avaliación.

**. VALORACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN:**

. AS PROBAS DE AVALIACIÓN TERÁN DUAS MODALIDADES:

a) práctica: dos exercicios prácticos realizados na aula elixiranse un ou dous por tema tratado, para ser correxidos e puntuados pola profesora de xeito individual. Nesta parte poderanse conseguir ata un máximo de 5 puntos.

b) teórica: plantexarase un exame teórico por avaliación, que será calificado cun máximo de 5 puntos.

A nota da avaliación será a suma de puntos obtidos en cada modalidade, e a nota final da asignatura establecerase facendo unha media entre as notas obtidas nas tres avaliacións.

**. A AVALIACIÓN DOS ALUMNOS QUE PERDERON O DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA**

1. Conforme se determina no artigo 25º da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde ao establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro.

Para tales efectos e con carácter previo, o centro mandará un apercebimento ao alumno cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado  módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicarase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular  un 10% de inasistencias inxustificadas con respecto a súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicarase a perda do dereito á avaliación continua. No caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercIbimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

2. Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas, non se terá en consideración as sesión previas á formalización da matrícula.

3. O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha proba  final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25º.5 da citada Orde de 12 de xulloo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

Tendo isto en conta, no ” Módulo de  Administración, Xestión e Comercialización na Pequena Empresa”, a proba extraordinaria terá as seguintes características:

**. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

. O principal criterio de avaliaciós será o grao de consecución por parte do alumno dos obxectivos didácticos establecidos para cada unidade didáctica.

. Coñecemento, comprensión e dominio dos contidos conceptuais, procedementais e actitudinais establecidos para cada unidade didáctica.

. Dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán.

. Grao de preparación para afronta-la posta en marcha dunha pequena empresa.

**. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

. Exame de avaliación: adoptarase o modelo empregado o longo do curso.

**. VALORACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN:**

. O examen constará de 10 preguntas: unhas serán curtas e o seu valor será de 1 punto ou menos, nas que se valorará a precisión e concisión na resposta; outras serán máis longas, de 2 puntos xeralmente. Nas que ademais de consider-lo grao de axuste do contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo áclaridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais; finalmente, haberá sempre preguntas prácticas de resolución de problemas e/ou elaboración e interpretación de gráficos, valoradas con 1 e 3 puntos.

**6)**__**TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC**__**.**

O fomento das TIC é algo fundamental na sociedade actual, e xa non digamos no mundo da empresa onde a información rápida e axeitada pode significar a supervivencia ou un maior desenrolo da empresa. Para elo vaise a traballar en cada unidade didáctica as Tecnoloxías da Información e da Comunicación, e para elo dispoñemos na clase dun ordenador conconexión a INTERNET.

**7)** __**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**__**.**

Entre as actividades programades procurarase facer unha visita guiada a algunha das empresas importantes da comarca do Barbanza como JEALSA, en Boiro ou FRINSA, en Ribeira, ou tamén visitar unha pequena ou mediana empresa representativa da mesma comarca.

Tamén procurarse a celebración dalgunha charla no IES de Porto do Son por parte dalgún empresario da comarca, sindicalista, traballador e de algunha administración pública.

Participación nas actividades propostas polo PROXECTOTERRA, que consistirán nunha saída para estudiar o desenvolvemento de proxectos emprendedores en territorio galego ou norte de Portugal.

**8)** __**RECURSOS DIDÁCTICOS.**__

**. Libros de texto e bibliografía complementarios** :

. VV.AA. “Empresa e iniciativas emprendedoras”. Ed. Macmillan Profesional.

. “VV.AA”: Empresa e iniciativa emprendedora”. Ed. Santillana.

. VV.AA.:” Administración, gestión y administración en la pequeña empresa”. Ed. MacGrawHill.

. Mochón Morcillo, Francisco: “Principios de economía”. Ed. MacGrawHill.

. VV.AA.:” Economía y organización de empresas”. Ed. Editex.

. VV.AA.:” Fundamentos de administración y gestión”. Ed. MacGrawHill.

. VV.AA.:” Contabilidad General. Teoría y práctica”. Ed. Pirámide.

. Fábrega, Fernado:” Zara. El modelo de negocio de Inditex”. Claves de Gestión.

. Fernández, Sergio: “Vivir sin jefe”. Ed. Plataforma.

. Martín, José Luis: “Finanzas para todos”. LID Editorial

**. Diccionarios**:

. Tamames, Ramón:” Diccionario de Economía”. Ed. Alianza.

. Muñiz Castro, Emilio : “Diccionario terminológico de márketing y logística”. Ediciones Verba.

**. Utilizaranse tamén artigos económicos sacados tanto da prensa diaria como de revistas especializadas**.

**. Información obtida en Internet**.

## 10) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Intentarase atender dun xeito máis personalizado aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades na asimilación de contidos propios do módulo para que vaian acadando as competencias requeridas.

# “FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL.”

## 1) OBXECTIVOS XERAIS.

. Analiza-las situacións de risco máis habituais no ámbito laboral que poidan afectar a saúde.

. Aplicar, no ámbito laboral, as medidas de protección e prevención que correspondan ás situacións de riscos existentes.

. Analiza-las situacións a seguir no caso de accidentes de traballo.

. Aplicar as medidas sanitarias básicas no lugar do accidente en situacións simuladas.

. Analiza-las formas e procedementos de inserción na realidade laboral como traballador por conta allea ou propia.

. Analiza-las propias capacidades e intereses, así como os itinerarios profesionais máis idóneos.

. Identifica-lo proceso para unha boa orientación e integración do traballador na empresa.

. Identifica-las ofertas de traballo no sector produtivo referido ós seus intereses.

. Analiza-los dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais.

. Describi-lo sistema de protección social.

. Analiza-la evolución socio-económica do sector produtivo na Comunidade Autónoma Galega.

## 2) CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN DE CADA UNIDADE DIDÁCTICA.

### UNIDADE DE TRABALLO 1

**A relación laboral**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade de traballo, os alumnos deberán ser capaces de:

-  Coñecer a orixe do Dereito do Traballo.
-  Distinguir as relacións laborais das que non o son, e das relacións laborais especiais.
-  Identificar as fontes do Dereito Laboral e cál debe aplicarse en cada caso.
-  Coñecer os principios de interpretación das normas laborais e sabelos aplicar.
-  Saber cáles son os dereitos e deberes dos traballadores e dos empresarios.

**CONTIDOS**

- O Dereito Laboral e as relacións laborais.
  - Relacións laborais ordinarias: concepto e características.
  - Relacións laborais especiais.
  - Relacións laborais excluídas.
- As fontes nacionais do Dereito do Traballo:
  - Fontes materiais
  - Fontes formais
    - A Constitución Española de 1.978.
    - Lei orgánica.
    - Lei ordinaria.
    - Regulamento.
    - O convenio colectivo.
    - O contrato de traballo.
    - Usos e costumes locais e profesionais.
- Fontes de Ámbito Internacional.
  - Dereito comunitario.
  - Tratados internacionais, asinados e ratificados por España.
- Principios de aplicación do Dereito Laboral.
- Dereitos e deberes inherentes ás relacións laborais.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Interpretar e saber aplicar correctamente as fontes do dereito laboral, conforme aos principios laborais.
- Distinguir os dereitos e obrigas derivados da relación laboral.
- Identificar e diferenciar as relacións laborais, as relacións laborais especiais e as relacións laborais excluídas.
- Recoñecer as distintas posibilidades laborais no ámbito da Unión Europea.
- Coñecer os dereitos e deberes de traballadores e empresarios.

**UNIDADE DE TRABALLO 2**

**O contrato de traballo**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade de traballo, os alumnos deberán ser capaces de:

- Recoñecer un contrato de traballo e saber que significa.
- Coñecer os contratos de traballo que poden celebrarse de forma verbal ou escrita.
- Aprender quen pode asinar un contrato de traballo.
- Identificar os diferentes tipos de contratos de traballo que existen.
- Descubrir como é a relación coas Empresas de Traballo Temporal.
- Coñecer os pactos que se engaden, con maior frecuencia aos contratos de traballo
- Formalizar por escrito un contrato de traballo.
- Saberse desenvolver o día da sinatura dun contrato de traballo.

**CONTIDOS**

- O contrato de traballo e a capacidade para contratar:
    - Definición de contrato
    - Partes asinantes
- Forma e validez do contrato. Os elementos esenciais do contrato.
- Modalidades contractuais

- Modelos de contratos indefinidos
- Modelos de contratos temporais
- A relación contractual cunha empresa de traballo temporal.
- Pactos contractuais:
    - O período de proba.
    - Pacto de permanencia
    - Pacto de plena dedicación

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Saber qué modalidades contractuais deben realizarse obrigatoriamente por escrito.
- Recoñecer os elementos esenciais do contrato.
- Coñecer quen ten capacidade para contratar.
- Distinguir as diferentes modalidades de contratación que permite a lexislación vixente.
- Identificar qué tipo de contrato é o máis idóneo para cada situación laboral.
- Diferenciar a relación contractual coas empresas de traballo temporal.
- Saber qué pactos contractuais anexos é frecuente asinar e as súas peculiaridades.

**UNIDADE DE TRABALLO 3**

**A organización do traballo e a vida familiar**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Esta unidade contribúe a alcanzar o seguinte resultado de aprendizaxe:

**"Exerce os dereitos e cumpre as obrigas que se derivan das relacións laborais, recoñecéndoas nos diferentes contratos de traballo ".**

Para iso a finalizar esta unidade de traballo, o alumno/a:

- Coñece os aspectos máis relevantes relacionados co tempo de traballo: xornada de traballo, descansos, festivos, vacacións e permisos retribuídos.
- Identifica as condicións laborais dos traballos a quendas, nocturnas ou das horas extraordinarias.
- Sabe cáles son os dereitos dos traballadores en relación cos descansos, festivos, as vacacións ou os permisos retribuídos.
- Identifica as medidas que se aplican para conciliar a vida familiar e laboral.

Distingue os distintos tipos de flexibilidade laboral e a influencia tanto positiva como negativa na vida laboral.

**CONTIDOS**

- A xornada de traballo

  - Duración máxima da xornada e xornada diaria

- Limitacións da xornada

- Horas extraordinarias
- Organización especial do traballo

- Descansos e festivos
  - Descanso semanal, entre xornadas e en xornada continuada
- Festas laborais
- Calendario laboral

- Vacacións e permisos
  - Vacacións
- Permisos retribuídos

- Medidas establecidas pola lexislación vixente para a conciliación da vida laboral e familiar
  - Na xornada e as vacacións
- Na mobilidade xeográfica
- En excedencias, suspensión, despedimento e extinción do contrato

- Beneficios para os traballadores nas novas organizacións
  - Tipos de descentralización: interna e externa
- Modalidades de flexibilidade laboral

Vantaxes e desvantaxes da flexibilidade laboral

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ao avaliar os alumnos terase en conta se:

- Determináronse os dereitos e obrigas derivados da relación laboral
- Identificáronse as características definitorias dos novos ámbitos de organización do traballo.
- Determináronse as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable a un sector profesional;

Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación vixente para a conciliación da vida laboral e familiar.

**UNIDADE DE TRABALLO 4**

**A nómina**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade didáctica, os alumnos deberán ser capaces de:

- Coñecer as distintas formas de salario.
- Saber como se fixa o salario e como se realiza o pagamento.
- Diferenciar o salario base dos complementos salariais.
- Interpretar e diferenciar os distintos complementos que aparecen no recibo de salarios.
- Diferenciar entre precepciones suxeitas e non suxeitas a cotización.
- Coñecer as distintas deducións e o seu obxecto.
- Cumprir nóminas sinxelas.

**CONTIDOS**

- O salario
  - Concepto de salario
  - Pagamento de salario
- A nómina
  - Encabezamento
  - Período de liquidación
- Percepcións suxeitas a cotización
  - ¿que é o salario?

  - ¿que son os complementos salariais?
- Percepcións excluídas de cotización
- Deducións
  - Descontos por cotización á Seguridade Social
  - Retención a conta do imposto sobre a renda

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Interpretar e saber cumprir correctamente nóminas sinxelas, conforme á normativa vixente.
- Identificar e diferenciar as remuneracións salariais das deducións e o obxectivo que perseguen en cada caso.
- Recoñecer a importancia de documentar o pagamento do salario.

**UNIDADE DE TRABALLO 5**

**MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABALLO**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade didáctica, os alumnos deberán ser capaces de:

- Comprender que o empresario pode realizar determinadas modificacións no contrato de traballo.
- Identificar os tipos de despedimento que existen.
- Coñecer as causas polas que se pode interromper a relación laboral temporalmente.
- Saber qué accións legais poden emprender en caso de desconformidade coas decisións empresariais.
- Coñecer o procedemento de actuación en caso de despedimento e calcular a indemnización.
- Aprender a calcular unha liquidación.

.

**CONTIDOS**

- A modificación das condicións de traballo
- A mobilidade funcional
- A mobilidade xeográfica
- A suspensión do contrato de traballo
- A extinción do contrato de traballo
- Dereito Procesual Social
- Elaboración de liquidacións

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Saber ante qué órgano xurisdicional ou administrativo se pode acudir en caso de modificación ou extinción do contrato de traballo.
- Distinguir os tipos de despedimento e saber calcular as indemnizacións correspondentes.
- Coñecer os dereitos e obrigas en materia de mobilidade funcional e xeográfica.
- Coñecer as causas e os efectos da modificación, suspensión e extinción do contrato do contrato.
- Coñecer o procedemento para reclamar por despedimento ou por calquera outro dereito que non sexa respectado polos empresarios.
- Saber os conceptos que se teñen que incluír no cálculo dunha liquidación.
- Coñecer os prazos de actuación para emprender as principais accións na xurisdición social.

**UNIDADE DE TRABALLO 6**

**Representación dos traballadores**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade de traballo, os alumnos deberán ser capaces de:

- Aprender cáles son os dereitos dos traballadores en materia de representación e participación na empresa.
- Distinguir a representación colectiva unitaria e a representación sindical.
- Coñecer os dereitos e garantías dos representantes dos traballadores.
- Saber quen representa os empresarios.

- Analizar un Convenio Colectivo, o seu contido e as partes lexitimadas para asinalo.
- Descubrir as implicacións do exercicio do dereito á folga.
- Saber que é o peche patronal.

**CONTIDOS**

- A participación dos traballadores na empresa
- A representación colectiva unitaria
  - Os Delegados de Persoal.
  - O Comité de Empresa.
  - Eleccións.
  - Competencias dos delegados de persoal e membros do comité de empresa.
- A representación colectiva sindical
- O Convenio Colectivo
- Os conflitos colectivos

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Distinguir e coñecer en que consiste a representación colectiva unitaria, a representación colectiva sindical e a representación empresarial.
- Coñecer as garantías dos representantes dos traballadores

- Saber cáles son as competencias dos delegados de persoal e membros do comité de empresa e como se desenvolve a súa elección.
- Identificar quen pode afiliarse a un sindicato.
- Coñecer a existencia de distintos niveis de representatividade sindical
- Describir as consecuencias e medidas que se derivan dun convenio colectivo.
- Manexar o convenio colectivo propio do seu sector.
- Identificar os conflitos colectivos e analizar as formas de exteriorizalos.
- Saber os aspectos básicos das folgas (consecuencias, licitude e procedemento)

**UNIDADE DE TRABALLO 7**

**Seguridade Social**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Esta unidade contribúe a alcanzar o seguinte resultado de aprendizaxe:

"**Determina a acción protectora do sistema da Seguridade Social ante as distintas continxencias cubertas, identificando as distintas clases de prestacións** ".

Para iso a finalizar esta unidade de traballo, o alumno/a:

- Entende a importancia da existencia dun sistema público de Seguridade Social.
- É capaz de encadrar as diferentes profesións e actividades nos distintos réximes da Seguridade Social.
- Sabe a qué entidades colaboradoras da Seguridade Social debes dirixirte para realizar os diversos trámites.
- Coñece as obrigas que o empresario e o traballador teñen coa Seguridade Social.

Identifica as distintas prestacións ás que podes ter dereito e saberás calcular a súa contía.

**CONTIDOS**

- Estrutura do sistema da Seguridade Social
  - Réximes
  - Entidades Xestoras
- Principais obrigas de empresarios e traballadores

- Acción protectora
    - Asistencia Sanitaria

- Incapacidade Temporal
- Prestacións por riscos durante o embarazo e a lactación natural
- Prestacións por maternidade
- Prestacións por paternidade
- Lesións Permanentes non invalidantes
- Incapacidade Permanente
- Xubilación
    - Prestacións por morte e supervivencia

- Protección por desemprego
    - Prestación por desemprego
    - Subsidio por desemprego

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ao avaliar os alumnos terase en conta se:

- Valorouse o papel da Seguridade Social como piar esencial para a mellora da calidade de vida dos cidadáns.
- Enumeráronse as diversas continxencias que cobre o sistema de Seguridade Social.
- Identificáronse os réximes existentes no sistema da Seguridade Social.
- Identificáronse as obrigas de empresario e traballador dentro do sistema de Seguridade Social.

- Identificáronse nun suposto sinxelo as bases de cotización dun traballador e as cotas correspondentes a traballador e empresario.
- Clasificáronse as prestacións do sistema de Seguridade Social, identificando os requisitos.
- Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos.

Realizouse o cálculo da duración e contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico

**UNIDADE DE TRABALLO 8**

**Seguridade e saúde no traballo**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade de traballo, os alumnos deberán ser capaces de:

- Relacionar o concepto de saúde e traballo.
- Explicar o concepto moderno de saúde proporcionado pola Organización Mundial da Saúde.
- Valorar a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e actividades da empresa.
- Distinguir entre Accidente de Traballo e Enfermidade Profesional.
- Identificar os dereitos e deberes de traballadores e empresarios en materia de saúde laboral.
- Coñecer as responsabilidades en materia de prevención de empresarios e traballadores e as sancións, en caso de incumprimento.
- Coñecer a normativa básica en materia de prevención de riscos laborais.
- Descubrir a existencia duns organismos públicos que velan pola Seguridade e Hixiene no Traballo.

**CONTIDOS**

- O traballo e a saúde
- Posibles danos á saúde do traballador

- Dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais
- Responsabilidades e sancións
- Marco normativo básico
- Organismos públicos

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Manexar correctamente os conceptos básicos da prevención de riscos laborais.
- Identificar as condicións de traballo existentes nunha actividade e os factores de risco.
- Identificar e distinguir a enfermidade profesional e o accidente de traballo.
- Coñecer os dereitos e obrigas que corresponden a traballadores e empresarios en materia de prevención de riscos laborais.
- Recoñecer os casos nos que empresarios e traballadores teñen responsabilidades preventivas e as sancións por incumprimento
- Coñecer e saber manexar os diferentes tipos de normas aplicables en España en materia de prevención de riscos laborais.
- Saber qué organismos públicos nacionais e internacionais velan pola seguridade e saúde dos traballadores.

**UNIDADE DE TRABALLO 9**

**Os riscos laborais**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade didáctica, os alumnos deberán ser capaces de:

- Comprender que o traballo leva consigo uns riscos que poden ocasionar problemas de saúde.
- Identificar os tipos de riscos laborais que poden existir nun posto de traballo.
- Coñecer os efectos que ocasionan os diferentes riscos
- Aprender a actuar para evitar que os riscos se convertan en danos para a súa saúde
- Valorar a importancia da prevención dos riscos laborais.
- Detectar as situacións de risco máis habituais no ámbito laboral que poidan afectar á súa saúde e aplicar as medidas de protección e prevención correspondentes
- Determinar actuacións preventivas e/ou de protección, minimizando os factores de risco e as consecuencias para a saúde e o medio que producen

**CONTIDOS**

- Os riscos laborais: riscos xerais e riscos específicos
- Análise dos riscos ligados ás condicións de seguridade
- Análise dos riscos ligados ás condicións ambientais
- Análise dos riscos ligados ás condicións ergonómicas e psicosociais

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Interpretar e saber aplicar correctamente as fontes do dereito laboral, en materia de saúde laboral, especialmente a lei de prevención de riscos laborais e os principais Reais Decretos que a desenvolven.
- Identificar e diferenciar os tipos de riscos laborais.
- Coñecer os dereitos e deberes de traballadores e empresarios fronte aos diferentes tipos de riscos.
- Saber realizar unha avaliación de riscos para establecer medidas de protección
- Identificar as normas legais e os procedementos a aplicar ante cada un dos riscos
- Clasificar os danos á saúde en función das consecuencias e dos factores de risco máis habituais que os xeran.
- Identificar as condicións de traballo existentes nunha actividade.
- Identificar as situacións de risco máis habituais no seu ámbito de traballo, asociando as técnicas xerais de actuación en función destas.
- Propoñer actuacións preventivas e/ou de protección correspondentes aos riscos mais habituais que permitan diminuír as súas consecuencias

**UNIDADE DE TRABALLO 10**

**Medidas de prevención e de protección**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade de traballo, os alumnos deberán ser capaces de:

- Coñecer os conceptos e principios básicos da actividade preventiva e aplicalos no mundo profesional, en concreto no seu sector profesional.
- Aprender que a prevención de riscos é unha actividade que debe planificarse e se organizar con suma atención.
- Saber cáles son as principais técnicas de prevención.
- Distinguir entre técnicas e medidas de prevención.
- Recoñecer os principios da prevención de riscos e sabelos aplicar.
- Identificar as medidas de protección colectiva e de protección individual.
- Descubrirás que son os EPI e as súas características.
- Valorar a importancia da utilización dos EPIs, como medida prevención ante os accidentes laborais.
- Recoñecer e saber interpretar os sinais de Seguridade.

**CONTIDOS**

- Medidas de prevención

- Principios e técnicas de prevención
- Medidas de protección: Colectiva e individual
- A sinalización de seguridade

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Describir os procesos de implantación das medidas de prevención.
- Analizar as condicións de traballo existentes nunha actividade e os seus riscos, en concreto, no seu sector profesional.
- Identificar os procedementos a aplicar ante cada un dos riscos.
- Identificar as medidas de protección colectiva e individual e as prioridades de aplicación.
- Saber que son os equipos de protección individual, as súas características e obrigas de traballadores e empresarios con respecto a estes.
- Distinguir as distintas formas de sinalización en materia de prevención de riscos laborais e identificar o significado de cada unha dos sinais.

**UNIDADE DE TRABALLO 11**

**A xestión da prevención**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade de traballo, os alumnos deberán ser capaces de:

-  Comprender que a prevención de riscos laborais debe estar planificada e ben organizada para ser eficaz.
-  Saber en que consiste a avaliación, o control e a xestión do risco e aplicalo no seu sector profesional.
-  Identificar os elementos que integran a xestión da prevención e como se desenvolven no seu sector profesional.
-  Distinguir as distintas formas de organizar a prevención na empresa e identificar a máis axeitada para cada situación.
-  Recoñecer un técnico de prevención de nivel básico e as súas funcións.
-  Analizar a representación dos traballadores en materia de prevención.

**CONTIDOS**

-  A avaliación de riscos

    - Análise de riscos

- Valoración de riscos
- Cando se realiza a avaliación de riscos

- Quen realiza a avaliación de riscos

-  O control e a xestión do risco

-  A xestión da prevención

-  A organización da prevención

    - Formas de organizar a prevención

- As auditorias
    - O experto en prevención

-  A representación dos traballadores en materia preventiva

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

-  Coñecer como se realiza unha avaliación de riscos básica e distinguir os pasos a seguir.
-  Saber identificar, describir e estimar o risco no seu sector profesional e coñecer que implica cada un destes pasos.
-  Identificar as diferentes opcións que ten unha empresa para organizar a acción preventiva e saber cál ha de aplicarse en cada caso.
-  Analizar as funcións propias do técnico de prevención de nivel básico.
-  Recoñecer cando é necesario pasar por unha auditoría.
-  Determinar as formas de representación dos traballadores na empresa en materia de prevención de riscos.

**UNIDADE DE TRABALLO 12**

**O Plan de Prevención de Riscos Laborais**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade de traballo, os alumnos deberán ser capaces de:

- Comprender que a prevención de riscos laborais debe estar planificada e ben organizada para ser eficaz.
- Valorar a importancia de que todas as empresas teñan a obriga de contar cun Plan de Prevención, que inclúa a secuenciación de actuacións a realizar en caso de emerxencia.
- Definir o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional do título
- Coñecer os requisitos e condicións para a vixilancia da saúde do traballador e a súa importancia como medida de prevención.
- Saber que se debe protexer os traballadores especialmente sensibles.
- Proxectar un plan de autoprotección nunha pequena e mediana empresa (PEME), incluíndo o plan de emerxencia e evacuación.
- Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- Saberse comportar nunha situación de emerxencia na empresa e tomar as decisións oportunas.
- Colaborar na realización dun simulacro de emerxencia.

**ESTRUTURA DE CONTIDOS**

- O Plan de Prevención de Riscos Laborais
- A vixilancia da saúde
- Especial protección a colectivos específicos: maternidade, lactación, menores de idade, traballadores dunha ETT e traballadores temporais.
- O Plan de autoprotección: Plan de Actuación en Emerxencias e Plan de Evacuación
- A protección fronte ao lume

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Coñecer o contido básico dun Plan de Prevención de Riscos Laborais e a obriga, por parte das empresas de ter un propio.
- Definir o contido mínimo dun plan de prevención nun centro de traballo, relacionado co sector profesional do título
- Identificar os requisitos e condicións para a vixilancia da saúde do traballador e a súa importancia como medida de prevención
- Saber as mediadas que se establecen para protexer a saúde durante a maternidade e a lactación e ao resto de traballadores especialmente sensibles, como menores de idade, traballadores temporais ou contratados por unha ETT.
- Proxectar un plan de autoprotección nunha pequena e mediana empresa (PEME), incluíndo o plan de emerxencia e evacuación
- Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia e sabelos levar á práctica.
- Colaborar na realización dun simulacro de emerxencia.

**UNIDADE DE TRABALLO 13**

**Primeiros auxilios**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Esta unidade contribúe a alcanzar o seguinte resultado de aprendizaxe:

"**Aplica as medidas de prevención e protección, analizando as situacións de risco no ámbito laboral do técnico ou técnico superior "**.

Para iso a finalizar esta unidade de traballo, o alumno/a:

- Comprende as responsabilidades dos empresarios e os traballadores ante calquera urxencia na empresa.
- Aplica dun xeito eficaz o Soporte Vital Básico.
- Descobre a secuencia de accións que se segue na valoración dos feridos nunha situación de emerxencia.
- Actúa axeitadamente cando haxa que clasificar os feridos nun accidente.
- Distingue os graos de gravidade dunha vítima dun accidente de traballo.

Coñece os primeiros auxilios que se deben aplicar ante feridas, hemorraxias, fracturas e queimaduras.

**CONTIDOS**

- Actuación nunha situación de emerxencia

  - Protocolo de actuación

- Botica de primeiros auxilios de empresa

- Urxencia médica e primeiros auxilios: conceptos básicos
    - Urxencia médica

- Primeiros auxilios
- Secuencia de actuacións no Soporte Vital Básico
- Reanimación respiratoria
- Reanimación cardiopulmonar básica

- Clasificación dos feridos pola súa gravidade
- Técnicas de primeiros auxilios en función das lesións
    - Feridas

- Queimaduras
- Hemorraxias

Fracturas

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ao avaliar os alumnos terase en conta se:

- Analizouse o significado e alcance dos distintos tipos de sinalización de seguridade.
- Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
- Identificáronse as técnicas de clasificación de feridos en caso de emerxencia onde existan vítimas de diversa gravidade.

Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que han de ser aplicadas no lugar do accidente ante distintos tipos de danos e a composición e uso da botica de primeiros auxilios.

**UNIDADE DE TRABALLO 14**

**Traballo en equipo**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Esta unidade contribúe a alcanzar o seguinte resultado de aprendizaxe:

"**Aplica as estratexias do traballo en equipo, valorando a súa eficacia e eficiencia para a consecución dos obxectivos da organización** ".

Para iso a finalizar esta unidade de traballo, o alumno/a:

- Identifica que é un equipo de traballo, as súas características e etapas.
- Coñece que é a intelixencia emocional e poderás desenvolvela.
- Distingue os equipos que realizan un traballo eficaz dos ineficaces.
- Aprende as vantaxes e desvantaxes que teñen os equipos de traballo.

Aplica distintas dinámicas que axuden aos equipos a traballar con éxito

**CONTIDOS**

- Equipos de traballo

  - Concepto

- Características
- Fases do traballo en equipo

- A comunicación nos equipos de traballo
    - Escoita activa
- Retroacción
- Asertividade e técnicas
- A intelixencia emocional
- Vantaxes e inconvenientes do traballo en equipo
- ¿Como saber se un equipo de traballo é eficaz?
- A participación no equipo de traballo: os roles grupais
- Dinámicas de traballo en equipo
    - Phillips 6/6
- Tormenta de ideas ou brainstorning
- Estudio de casos
- Técnica do grupo nominal
- Seis sombreiros para pensar

Role-playing

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ao avaliar os alumnos terase en conta se:

- Valoráronse as vantaxes de traballo en equipo en situacións de traballo relacionadas co perfil profesional.
- Identificáronse os equipos de traballo que poden constituirse nunha situación real de traballo.
- Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte aos equipos ineficaces.

Valorouse positivamente a necesaria existencia de diversidade de roles e opinións asumidos polos membros dun equipo

**UNIDADE DE TRABALLO 15**

**Conflito e negociación**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Esta unidade contribúe a alcanzar o seguinte resultado de aprendizaxe:

"**Aplica as estratexias do traballo en equipo, valorando a súa eficacia e eficiencia para a consecución dos obxectivos da organización** ".

Para iso a finalizar esta unidade de traballo, o alumno/a:

- Recoñece que se entende por conflito e comprende os seus tipos e características.
- Diferenza en qué etapa atopa calquera conflito.
- Aplica os métodos de resolución ou manexo do conflito máis apropiados en cada caso.

Coñecerás as distintas etapas polas que pasa un proceso de negociación, para actuar dun xeito axeitado.

**CONTIDOS**

- O conflito

  - Características

- Causas
- Consecuencias: positiva e negativas
- Fases

-  Tipos de conflitos

  - Polo seu grao de percepción
- Pola súa orixe
- Polas súas consecuencias
- Dende unha perspectiva xurídica

-  Métodos para a resolución ou supresión do conflito

  - Métodos de resolución de conflitos entre as partes implicadas: confrontación e negociación
- Métodos de resolución de conflitos onde interveñen persoas neutrais: conciliación, mediación, arbitraxe e xurídico.

-  A negociación como medio de superación do conflito

  - Pautas
- Fases nun proceso negociador
- Tipos de negociación
  - Estratexias e tácticas

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Ao avaliar os alumnos terase en conta se:

-  Recoñeceuse a posible existencia de conflito entre os membros dun grupo como un aspecto característico das organizacións.
-  Identificáronse os tipos de conflitos e as súas fontes.

Determináronse procedementos para a resolución do conflito

**UNIDADE DE TRABALLO 16**

**Itinerarios profesionais**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade de traballo, os alumnos deberán ser capaces de:

- Identificar as distintas opcións académico-profesionais que existen despois de rematar un Ciclo Formativo.
- Mellorar no coñecemento do seu campo profesional.
- Analizar as correspondencias e equivalencias dos subsistemas da FP e aplicalo ao seu caso particular.
- Valorar a importancia de seguir formándose o longo de toda a vida.
- Buscar no Catálogo Nacional das Cualificaciones Profesionales, as cualificacións correspondentes ao seu sector profesional.
- Valorar a posibilidade de traballar por conta propia como un itinerario profesional.
- Ser consciente de que o emprego público é outra posibilidade laboral.
- Identificar as opcións de emprego público no seu sector profesional.

**CONTIDOS**

- A formación profesional no sistema educativo
- Os itinerarios formativos
- O Catálogo Nacional de Cualificaciones Profesionales

- A formación profesional para o emprego
- Opcións profesionais:
    - Traballar por conta allea
    - Traballar por conta propia
    - Traballar para a Administración Pública

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Identificar a oferta formativa e demanda laboral referida aos seus intereses, así como os posibles itinerarios a seguir.
- Confeccionar un itinerario formativo-profesional propio.
- Analizar e confeccionar unha árbore de poboación, taxas estatísticas e gráficos económicos sobre o mercado laboral.
- Coñecer en que consiste a flexibilidade no mercado de traballo.
- Distinguir entre as políticas activas e pasivas de emprego.

**UNIDADE DE TRABALLO 17**

**Proceso de busca de emprego**

**RESULTADOS DE APRENDIZAXE**

Ao finalizar esta unidade de traballo, os alumnos deberán ser capaces de:

- Coñecer as fontes de emprego e as empresas do sector.
- Identificar as ofertas de emprego axeitadas ao perfil profesional e recoñecer as ofertas de emprego enganosas.
- Aprender a elaborar un currículum vitae e cartas de presentación.
- Distinguir os distintos tipos de probas e tests psicotécnicos.
- Saberse desenvolver nunha dinámica de grupo e nas entrevistas de traballo.

**CONTIDOS**

- A busca de emprego.
  - Fontes de información.
  - Selección de ofertas de emprego.
  - O perfil do posto de traballo e o perfil do candidato.
- O currículum vitae: Tipos e estrutura
- Traballar en Europa. Europass.
- A carta de presentación.
- Probas e tests psicotécnicos.

  - Tests psicotécnicos.
  - Tests de personalidade.
  - Probas profesionais.
  - Tests de cultura xeral
- Dinámicas de grupo
- A entrevista de traballo.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Describir o proceso para obter un posto de traballo, partindo dunha oferta de emprego.
- Identificar a oferta laboral referida aos seus intereses.
- Analizar un anuncio de emprego.
- Saber elaborar correctamente un currículum vitae e unha carta de presentación.
- Desenvolverse con propiedade nunha dinámica de grupo.
- Preparar axeitadamente unha entrevista de traballo.
- Coñecer as preguntas máis frecuentes que adoitan realizarse nunha entrevista de traballo e as respostas máis adecuadas, segundo as características propias.

**UNIDADE DIDÁCTICA 18**

**A carreira profesional**

## RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Ao finalizar esta unidade de traballo, os alumnos deberán ser capaces de:

- Afondar no coñecemento das capacidades, aptitudes e intereses persoais.
- Analizar o potencial profesional propio e establecer un plan de acción para melloralo.
- Mellorar no coñecemento das opcións profesionais.
- Descubrir métodos útiles para tomar decisións con criterio e responsabilidade.

## ESTRUTURA DE CONTIDOS

- A carreira profesional
- O coñecemento persoal
- Opcións profesionais
- Análise do obxectivo profesional e plan de acción. O proceso de toma de decisións.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliarase os alumnos conforme aos seguintes criterios de avaliación:

- Identificar e avaliar as capacidades, aptitudes, actitudes e coñecementos propios de forma responsable.
- Definir os seus intereses e motivacións.
- Describir o potencial profesional propio.
- Coñecer as distintas opcións profesionais.
- Desenvolver un plan de acción profesional real e axeitado á persoa.
- Realizar un proceso de toma de decisións correctamente.

**3) <u>SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN</u>.**

O Decreto 68/2000, do 16 de marzo, polo que se establece o currículum de grao medio correspondente o título de "Técnico en conducción de actividades físico-deprotivas no medio natural", fixa para o módulo de Formación Laboral unha duración de 55 horas lectivas. Estas 55 horas repartiranse entre as distintas unidades didácticas da seguinte maneira:

**. Primeira avaliación.**

1- A relación laboral (3 horas).

2- O contrato de traballo (3 horas).

3- A organización do traballo e a vida familiar (3 horas).

4- A nómina (3 horas).

5- Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo  3 horas).

6- Representación dos traballadores (3 horas).

**. Segunda avaliación.**

7- Seguridade Social (4 horas).

8- Seguridade e saúde no traballo ( 3 horas).

9-  Os riscos laborais (3 horas).

10- Medidas de prevención e de protección (3 horas).

11- A xestión da prevención (3 horas).

12- O plan de prevención de riscos laborais (3 horas).

**. Terceira avaliación.**

13- Primeiros auxilios (3 horas).

14- Traballar en equipo (3 horas).

15- Conflicto e negociación (3 Horas).

16- Itinerarios profesionais (3 horas).

17- Proceso de búsqueda de emprego (3 horas).

18- A carreira profesional (3 horas).

## 4) METODOLOXÍA.

O obxectivo básico do módulo de Formación Laboral é facilitar a inserción do alumno no mundo laboral, ben como traballador por conta allea ou como pequeno empresario. Polo tanto, a metodoloxía á seguir a hora de impartir os contados do mesmo, combine as

explicacións do profesor e a exemplificación dos aspectos teóricos coa realización de moitas actividades por parte do alumno. É fundamental darlle ó módulo un marcado carácter práctico que aproxime ó alumno á realidade laboral que se vai a atopar ó terminar o ciclo formativo.

## 5) <u>MÍNIMOS ESIXIBLES</u>.

. Identificar as fontes do Dereiro Laboral e cal debe aplicarse en cada caso. Saber cales son os dereitos e deberes de traballadores e empresarios.

.Coñecer os contratos de traballo que poden facerse de maneira verbal e escrita.

.Saber cales son as medidas que se poden aplicar para conciliar a vida laboral e familiar.

. Interpretar correctamente cales son as distintas partes que configuran o salario dun traballador.

. Saber cales son as causas que poden levar a extinción dun contrato laboral.

. Aprender cales son os dereitos dos traballdores en canto a súa representación e participación na empresa.

. Determinar a acción de protección que ten a Seguridade Social para o traballador.

. Saber a importancia que ten no mundo laboral a seguridade e a saúde no traballo.

. Comprender que o traballo conleva uns riscos laborais que hai que tratar de minimizar por todos os medios, con medidas de prevención e de protección.

. A importancia da existencia dun Plan de Prevención de Riscos Laborais  n os centros de traballo.

. Saber actuar adecuadamente cando existan feridos ante un accidente laboral.

. Aplicar as estratexias de traballo en equipo, valorando a súa a eficacia e  eficiencia para conseguir os obxectivos da empresa.

. Aplicar os métodos de resolución ou manexo do conflicto máis apropiados en cada caso.

. Identificar as distintas opcións académico-profesionais que existen despois de acabar o Ciclo Formativo.

. Profundizar no coñecemento das capacidades, aptitudes e intereses persoais para mellorar a carreira profesional do traballador.

.

.

## 6) A AVALIACIÓN.

### AVALIACIÓN ORDINARIA.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

. O principal criterio de avaliación será o grao de consecución por parte do alumno dos obxectivos didácticos establecidos para cada unidade didáctica.

. Coñecemento, comprensión e dominio dos contidos conceptuais, procedementais e actitudinais establecidos para cada unidade didáctica.

. Capacidade de reflexión e razoamento, de búsqueda de información e aportación de solucións ós problemas e preguntas formulados para cada unidade didáctica.

. Capacidade de síntese dos contidos e de relacionar os conceptos cos procedementos establecidos para cada unidade didáctica

. Dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelán.

. Grao de preparación do alumno para afrontar a inserción no mundo laboral, ben como traballador por conta allea ou como pequeno empresario.

. Asistencia a clase e traballo diario desenvolvido polo alumno.

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:**

. Relación de exercicios a facer polo alumno tanto na clase como na casa. Serán correxidos na clase e poñerase nota a cada alumno ó que lle corresponda a corrección.

. Exames de avaliación: faranse un ou dous por avaliación. Haberá exame de recuperación por cada avaliación.

**VALORACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN:**

. As probas de avaliación terán dúas modalidades:

a) práctica: dos exercicios prácticos realizados na aula elixiranse un ou dous por tema tratado, para ser corrixidos e puntuados pola profesora de xeito individual. Nesta parte poderanse conseguir ata un máximo de 5 puntos.

b) teórica: plantexarase un exame teórico por avaliación, que será calificado cun máximo de 5 puntos.

A nota da avaliación será a suma de puntos obtidos en cada modalidade, e a nota final da asignatura establecerase facendo unha media entre as notas obtidas nas tres avaliacións.

.

**A AVALIACIÓN DOS ALUMNOS QUE PERDERON O DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA:**

1. Conforme se determina no artigo 25º da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do derito á avaliacíón continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde oa establecido no correspondente regulamento de réxime interno do centro.

Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercebimento ao o alumno cando as faltas de asistencia inxustificadas consonte o anterior nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total. Nel indicarase que perderá o dereito á avaliación continua no módulo de acumular un 10% de inasistencias inxustificadas con respecto á súa duración total. Cando as faltas de asistencia alcancen a citada porcentaxe comunicarase a perda do dereito á avaliación continua. No caso de que se produza a perda do dereito á avaliación continua, na secretaría do centro deberá quedar constancia do apercebimento e da comunicación da perda do dereito á avaliación continua.

2. Para o alumnado matriculado logo de iniciadas as actividades lectivas, non se terá en consideración as sesión previas á formalización da matrícula.

3. O alumnado que perda o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a una proba final exytraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordó co establecido no artigo 25º.5 da citada Orde do 12 de xullo de 2011. A cualificación obtida na devandita proba consignarase na avaliación final de módulos do curso correspondente.

Tendo isto en conta, no módulo de Formación e Orientación Laboral, a proba extraordinaria terá as seguintes características:

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN:**

. O principal criterio será o grao de consecución por parte do alumno dos obxectivos didácticos establecidos para cada unidade didáctica.

. Coñecemento, comprensión e dominio dos contidos conceptuais, procedementais e actitudinais establecidos para cad unidade didáctica.

. Dominio da expresión oral e escrita tanto en galego como en castelçan.

. Grao de preparación do alumno para afrontar a súa inserción no mundo laboral.

**INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**:

. Exame da avaliación: adoptarase o modelo empregado ó longo do curso.

**VALORACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN:**

. O exame constará de 10 preguntas: unhas serán curtas e o seu valor de 1 punto ou menos de 1 punto, nas que se valorará a precisión e concisión na resposta; outras máis longas, de 2 puntos xeralmente, nas que ademais de considerar o grao de axuste o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva e á utilización axeitada dos conceptos fundamentais; finalmente, pode haber tamén unha pregunta práctica: comentario de textos, interpretación de gráficos e cadros estadísticos, valorada de 1 a 3 puntos.

Estes criterios tamén se aplicarán naqueles casos nos que non deran superado o módulo e teñan a recuperación en decembro. O alumnado de 2º curso co módulo de dinámica de grupos pendente de primeiro non poderá acceder e FCT e deberá recuperar o módulo en decembro coincidindo coa sesión de avaliación final de módulos de segundo, o citado exame constará de dúas partes: un test por avaliación e uns exercicios prácticos. Os contidos a avaliar serán tódolos que figuran no currículo da materia. Os criterios de avaliación serán os mesmos xa aplicados para os exames ordinarios.

**7) TRATAMENTO DAS TIC.**

O tratamento das Tecnoloxías da Información e Comunicación serán tratadas en cada unidade didáctica, xa que son algo fundamental para o desenvolvemento na vida actual, e xa non digamos tanto para un traballador como para un pequeño empresario. O uso das TIC é algo que haberá que facer o longo da vida no mundo do traballo, xa que son unha fonte de información importantísima.

Para o tratamento das TIC dispoñemos na clase dun ordenador con conexión a INTERNET.

**8) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Procurarase levar os alumnos a visitar unha pequena empresa da comarca para que vexan o seu funcionamento.

Tamén están previstas charlas no IES de Porto do Son sobre o mundo do traballo a cargo de persoas que están relacionadas con este mundo: un sindicalista, un empresario, un técnico da administración, un traballador por conta allea,…

## 9) <u>RECURSOS DIDÁCTICOS</u>.

**. Como libro de texto**: V V:AA.: "Formación e Orientación Laboral". ED. Editex.

**. Libros de texto e bibliografía complementarias para o profesor**:

- VV.AA::" Formación e Orientación Laboral". Ed.McGrawHill.

- VV.AA.:" Formación e Orientación Laboral". Ed. Xerais.

- Tudela e Vadeolivas:" Ley de prevención de riesgos laborales y normativa de desarrollo". Ed. Colex.

- Martínez Selva, J. Mª.:" Estrés Laboral". Pearson Educación.

- Moreno,Joan e Ríos, Josep:” El poder y la empresa. Como conciliar la vida personal y laboral”. Ed. Pirámide.

- Tudela, Gregorio e Valdeolivas, Yolanda: “La seguridad y la salud laboral en la negociación colectiva”. Ministerio de Trabajo e Inmigración.

. **Diccionarios**:

- Tamames, Ramón: “Diccionario de Economía”. Ed. Alianza.

. **Material audiovisual**:

- Xunta de Galicia: Plan de Orientación Profesional. “A entrevista profesional”.

- AMAT, Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales: “¿Por qué ocurren los accidentes de trabajo?”.

- Áncora Audiovisual:”CPR para profanos”.
“Seguridad en el trabajo”
“Primeros auxilios básicos”
“ El uso de herramientas manuales”

. **Artigos de prensa e información obtida en Internet**.

## 10) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Intentarase atender dun xeito máis personalizado aqueles alumnos e alumnas que presenten dificultades na asimilación de contidos propios do módulo para que vaian acadando as competencias requeridas.